Ensinu recíproco: O alumno/a pasa a ser profesor/a, de maneira que avalía, corrixe e informa os seus compañeiros/ás. O docente decide as tarefas e exercicios que se van realizar e só debe de corraxir aos observadores (os alumnos/as que fan de docente). P. ex. practicarán o pinchacarneiro por parellas, corraxíndose mutuamente.

Descubrimento guiado: Proponse unha tarefa para que o alumno/a descubra a solución. O profesor/a guía a consecución dos obxectivos pero non dá a solución. Prodúcese a seguinte secuencia:

Disonancia cognitiva > Investigación > Descubrimento

O docente dará pistas e pasará á seguinte cando a resposta anterior sexa correcta. Se hai varias respostas posibles darase un indicio para que o alumno/a se decida por unha. Utilizáremolo en case todas as sesións do curso.

Resolución de problemas: Segue o mesmo esquema que o estilo anterior, pero a diferenza fundamental é que non se encamiña a unha solución determinada, senón que existen varias e é válida calquera coa que o alumno/a dea resposta ao problema formulado. É un estilo moi motivador e facilita a adquisición de aprendizaxes significativas. Tamén utilizaremos preferentemente este estilo de ensino.

O XOGO COMO RECURSO METODOLÓXICO.

Utilizarase o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións da programación (polo menos na animación e na volta á calma). A súa utilización é moi recomendable en Educación Primaria por moitas das súas características: motivante, lúdico, educativo, libre, gratuíto, divertido, ficticio, evasivo, convencional...; ademais favorece unha aprendizaxe por parte do alumno/a adaptativa, creativa, coeducativa, espontánea, natural, significativa, integral e persoal. O alumno/a aprende de forma pracenteira e sen decatarse, pero de forma significativa.

RETOS COOPERATIVOS.

Empregarase de xeito habitual os retos cooperativos, aqueles nos que un so alcanza a meta do xogo se esta é tamén alcanzada polo resto de participantes, reducindo a ansia competitiva e mellorando a capacidade de traballo en equipo.

TAREFAS INTEGRADAS.

En varias unidades didácticas desenvolveranse tarefas integradas, nas que se traballarán varias competencias á vez, incluso en colaboración cos titores para colaborar de forma interdisciplinar.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS A TER EN CONTA.

Reforzo positivo: É importante que os alumnos/as estean motivados. Debe crearse un ambiente de confianza para que o alumno/a se sinta seguro/a.

Progresión: Hai que seguir unha progresión de exercicios; é dicir, ir do doado ao difícil, do sinxelo ao complexo, paulatinamente.

Intensidade: Os estímulo dados serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan adecuados ao grupo de alumnos/as.

Transferencia: Cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón doutros movementos aprendidos anteriormente.

Intereses: Os exercicios formulados aos alumnos/as deben estar de acordo cos seus intereses e necesidades, para lograr unha aprendizaxe significativa.

Individualización: Hai que respectar as características de cada neno/a, tanto morfolóxicas, coma fisiolóxicas e funcionais. Cada un/a "é como é".

Participación: Non haberá aprendizaxe se o neno/a non participa activamente.

Ademais, seguiremos as seguintes pautas de actuación:

- Daremos explicacións breves, claras e concretas dende lugares visibles.
- Crearemos un clima de atención.
- Antes de comezar cada actividade aseguraremos de que os alumnos/as a comprenderon.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais e recursos didácticos

Os criterios de selección dos materiais curriculares adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás propostas xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico propostos. De tal modo, establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos de etapa co resto de elementos curriculares.
- Coherencia dos contidos propostos cos criterios de avaliación e cos estándares de aprendizaxe avaliábeles.
- A acertada progresión dos contidos e criterios, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

O material que se empregará será:

- Instalación deportiva: pavillón, pistas polideportivas, patio cuberto, sala de psicomotricidade e zonas verdes.
- Material convencional: quitamedos, aros, bancos suecos, balóns, mazas, pelotas, plinto, cordas, espaleiras, etc.
- Material non convencional: papel de xornal, globos, indiacas, panos, botellas de plástico, chapas de refresco, bólas, gomias de saltar, sacos, tarxetas de cartolina, etc.
- Material audiovisual: música, cámara de vídeo.

- Material TIC: ordenadores, encerado dixital, impresora...
- Material do propio alumno: chándal e zapatillas de deporte.
- Material do profesor: instrumentos de avaliación, fichas de alumno/a, etc.

No centro dispoñemos de todo o material preciso para o desenvolvemento das sesións.

As instalacións son compartidas por ata 3 mestres de Educación Física que dan clase de forma simultánea, polo que se organizan unhas quendas para o emprego das distintas instalacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira Unidade Didáctica realizarase a avaliación inicial. Realizarase unha selección de xogos que implican todas as capacidades físicas e perceptivo-motoras, e as habilidades motoras básicas, tanto co corpo coma con obxectos. Esta avaliación inicial permitiranos coñecer mellor o estado dos alumnos/as e flexibilizar, se fose preciso, a programación.

Realizarase unha selección de xogos que implican todas as capacidades físicas e perceptivo-motoras, e as habilidades motoras básicas, tanto co corpo coma con obxectos. Esta avaliación inicial permitiranos coñecer mellor o estado dos alumnos/as e flexibilizar, se fose preciso, a programación.

Por outra banda, a primeira sesión de cada unidade didáctica tamén supón unha recompilación de actividades desa U.D., co obxecto de realizar a avaliación inicial de cada unidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

No referido ás ferramentas de avaliación, utilizaremos instrumentos de avaliación cualitativos, mediante técnicas de observación. Rexistraremos o que sucede nas sesións, o progreso día a día. Este rexistro será continuo e o máis sistemático posible. Para iso empregaranse escalas de observación e rúbricas.

O procedemento para avaliar unha unidade didáctica será a media aritmética das cualificacións dos criterios desa unidade, obtidos a partir dos instrumentos de avaliación (escalas, rúbricas e rexistros sistemáticos).

A cualificación dun trimestre será a media aritmética das cualificacións das unidades dese trimestre, e a nota final do curso será a media das unidades de todo o curso.

Criterios de recuperación:

As actividades de reforzo irán encamiñadas a desenvolver aqueles contidos que por un motivo ou outro sexan complexos para o alumnado. Segundo o tipo de dificultade variaranse ao tipo de tarefas ou ben a forma de formulalas (máis ou menos analíticas ou globais), adaptar a dificultade ou a distancia.

Ademais poderá variarse o tipo de material, como por exemplo se algún alumno ou alumna ten dificultades para desenvolver as habilidades de golpeo no bádmiton, poderá empregarse un tipo de implemento e de móbil máis grande, e así cos demais contidos.

Os alumnos/as que teñan unha avaliación negativa serán obxecto de reforzo educativo por parte do profesor, realizando as adaptacións e tarefas necesarias para tratar que o alumno alcance o nivel mínimo para a superación do nivel.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade debe entenderse como un conxunto de propostas curriculares e organizativas que perseguen as respostas educativas á pluralidade de intereses, necesidades e motivacións de todos e cada un dos alumnos para que alcancen os obxectivos establecidos.

As decisións sobre como ensinar (metodoloxía didáctica), é un dos ámbitos da programación que ofrece máis posibilidades para favorecer a atención a diversidade. As estratexias didácticas a desenvolver, serían:

- Combinar diferentes formas de agrupamentos.
- Empregar materiais e recursos didácticos diversos.
- Fomentar a interacción profesor-alumno e entre os alumnos.
- Formulación de tarefas abertas nas que os alumnos podan tomar decisións e implicarse activamente na súa resolución.

En canto á atención aos alumnos con necesidades educativas específicas poden ser varias as medidas a adoptar en función das necesidades de cada caso (déficits sensoriais, físicos, psíquicos, alumnos en desvantaxe social e cultural, alumnos sobredotados). Na área de EF poden tomarse as seguintes medidas:

- Adaptación do material específico de EF.
- Adaptación e adecuación do material didáctico que empreguemos.
- Adaptación dos recursos metodolóxicos: agrupamentos, métodos, as tarefas tanto na cantidade desta coma na forma de que a formular, formas de dirixirse aos alumnos. Por exemplo a un deficiente auditivo: vocalizar, falarlle á cara, chamalo tocándolle o ombro...
- Ademais nos casos que fora necesario, realizaríanse adaptacións curriculares individuais (obxectivos mínimos, criterios de avaliación, contidos), a partir da información do orientador do centro en colaboración e coordinación do departamento de orientación, o titor, e os especialistas médicos correspondentes.
- Cando sexa necesario, manterase contacto cos médicos que achegarán as pautas a seguir no desenvolvemento motora dos rapaces e rapazas, por deficiencias físicas, psíquicas, sensoriais ou sociais.

Cabe sinalar a atención de alumnos inmigrantes. Dende o ámbito da EF axudarase estes alumnos a integrarse mediante as actividades lúdicas, de relación, e nun ambiente máis distendido que a aula ordinaria, ademais de favorecer a aprendizaxe da nosa lingua.

Ao longo do curso irase valorando a necesidade de calquera adaptación que haxa que realizar a alumnos/as en concreto polas distintas situacións que sobreñan, sexan temporais ou permanentes.

Neste curso temos 2 alumnos aos que está previsto facerlles adaptación curricular.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura							X	
ET.2 - Expresión oral e escrita								X
ET.3 - Comunicación audiovisual						X		X
ET.4 - Competencia dixital			X		X			
ET.5 - Fomento da creatividade			X					X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Espírito científico	X	X	X					
ET.7 - Emprendemento						X		
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X				X	X		
ET.9 - Educación para a paz					X	X		
ET.10 - Educación para o consumo responsable								
ET.11 - Dsenvolvemento sustentable								
ET.12 - Educación para a saúde	X							
ET.13 - Educación emocional e en valores			X	X	X	X		X
ET.14 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos					X	X		
ET.15 - Rexeitamento de calquera tipo de violencia	X				X	X		

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión da lectura		
ET.2 - Expresión oral e escrita		
ET.3 - Comunicación audiovisual		
ET.4 - Competencia dixital		
ET.5 - Fomento da creatividade		
ET.6 - Espírito científico		
ET.7 - Emprendemento	X	
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	
ET.9 - Educación para a paz		
ET.10 - Educación para o consumo responsable		X
ET.11 - Dsenvolvemento sustentable		X
ET.12 - Educación para a saúde		

	UD 9	UD 10
ET.13 - Educación emocional e en valores		
ET.14 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos		
ET.15 - Rexeitamento de calquera tipo de violencia		

Observacións:

Os elementos transversais fan referencia a elementos que de deben traballar en todas as áreas. Moitos deles tratan de sensibilizar ao alumnado sobre diversas problemáticas moi importantes na nosa sociedade (desenvolvemento sostible, violencia, discriminacións...), contribuíndo ao seu desenvolvemento integral. Polo tanto, falar de elementos transversais é falar de educación en valores.

Segundo o currículo vixente en Galicia os temas transversais que traballaremos son:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro árbores da contorna	Proxecto Documental Integrado (PDI) da biblioteca, que se titula "Un bosque de contos". Faremos unha camiñata por Betanzos coñecendo as árbores da zona.	X		
Visita ao parque de Pablo Iglesias, en Betanzos.	Tamén dentro do PDI iremos camiñando ao Parque de Pablo Iglesias, no que existen dúcias de árbores diferentes para coñecelas.			X
Torneo profesorado-alumnado	Participaremos como espectadores nos tradicionais xogos que se realizan no centro entre profesorado e alumnado de 6º.			X
Roteiro dos muíños	Camiñata pola zoa de Caraña, vendo os muíños tradicionais.		X	
Entroido	Dende a área de EF colabórase co Entroido con actividades de expresión corporal, este curso relacionado cos contos do PDI.		X	
Educación viaria	En colaboración coa Policía Local de Betanzos, o alumnado realizará un obradoiro sobre educación viaria.			X
Carreira solidaria	Todos os cursos vense realizando unha carreira solidaria, na que o alumnado aporta alimentos non perecedeiros para o banco de alimentos. Este curso, có gallo da conmemoración do 50 aniversario do colexio, está previsto abri-la tamén a antigos alumnos e alumnas.			X
Xogos populares	Realízase unha xornada de xogos populares, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas.			X
Xornada deportiva	Nas pistas do Carregal iremos a facer unha xornada multideporte.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Camiño de Santiago	Realizaremos o tramo do Camiño Inglés que chega a Betanzos dende Ferrol.		X	

Observacións:

Participarase naquelas actividades previstas na Programación Xeral Anual e aquelas que se autoricen posteriormente.

Dende a área de Educación Física as actividades complementarias e extraescolares nas que se colaborará son:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Indicadores de logro do proceso de ensino
Indicadores de logro da práctica docente

Descrición:

Indicadores de logro do proceso de ensino:

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Indicadores de logro da práctica docente:

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
15. Adecuación, logro da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.

16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, ...

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
13. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
14. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
15. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
16. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
17. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
18. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
19. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
21. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
22. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
23. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
24. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

1. RELACIÓN COS PROXECTOS DO CENTRO

A continuación descríbese a relación desta programación cos distintos proxectos do centro.

2. PROXECTO LECTOR

As accións previstas de acordo co proxecto lector do centro serán prexudicando o menos posible o tempo de práctica motora. Realizaranse as seguintes actividades: - Aproveitarase o tempo de ler nas sesións que coincidan, para lectura de textos sobre deportes, valores, cooperación, fomento da actividade física, hábitos saudables, etc. - Realizaranse traballos de investigación na casa sobre xogos tradicionais, Xogos Olímpicos, etc., favorecendo o material de consulta tanto en soporte escrito (lectura de artigos de actividade física e saúde, en revistas axeitadas a súa idade) como informático.

Neste curso tamén colaboraremos co PDI "Un bosque de contos" a través da representación dalgúns dos contos traballados no proxecto.

3. PLAN DIXITAL

A área de Educación Física, por ser un área eminentemente procedimental, permite amplo emprego das novas tecnoloxías, que serán utilizadas para apoiar e ampliar os diferentes coñecementos e aprendizaxes da área. As TIC favorecerán ao alumnado a adquisición de certas competencias básicas esixibles ao rematar o ensino obrigatorio, desenvolvendo as habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento, permitindo así o desenvolvemento doutras capacidades, como son: aprender a aprender (autonomía na aprendizaxe), competencia matemática (uso da linguaxe matemática), ou a competencia para a autonomía e iniciativa persoal, entre outras. Aplicacións prácticas a destacar: A. Ordenador. B. Blog escolar. C. Videocámara. D. Videoproxector.

4. PLAN PROXECTA

Colabórase en dous proxectos do Plan Proxecta co fin de fomentar unha vida activa e hábitos de alimentación saudable, co fin de reducir o índice de obesidade infantil e o sedentarismo: - O Proxecto de Vida Activa e Deportiva (PVAD). A través de diversas actividades fomentárase un estilo de vida saudable en relación á actividade física e uns hábitos alimenticios correctos. - O proxecto Aliméntate Ben, co que se incide en hábitos de alimentación saudable.

5. CONTRATOS-PROGRAMA

Particípase no CPSaúde, tratando de fomentar un estilo de vida activo e hábitos saudables.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, e en moitas ocasións, de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coa outra materia de ámbito artístico, Música e Danza.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores.

Cada Unidade Didáctica estará dividida en varios apartados:

- A Plástica e o seu contexto: Observación de obras representativas de arte. Obras elixidas e seleccionadas tendo en conta a idade e a evolución do alumnado.
- Creatividade e composición: Elaboración de obras propias empregando diferentes materiais.
- Sección de volume: Realización de obras recortables para cada unidade ou para días especiais (conmemoracións).
- Nova visión plástica: Animacións, imaxes, emprego de ordenador...
- Sección lúdica: Xogos e actividades para practicar o aprendido e para fomentar a participación e a desinhibición.

Nesta PD, na súa estimación do cambio de etapa a experimentar polo alumnado de 1º primaria, contempla este nivel como esa transición á primaria, especialmente no 1º trimestre. Nese senso, outro dos obxectivos chave desta será o traballo e desenvolvemento psicomotor, con especial fincapé na motricidade fina.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O outono	Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual a través da estación do outono como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	10	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O inverno	Esta UD2 prosegue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais, mais nesta ocasión, a través do inverno como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	15	6		X	
3	A primavera e o verán	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor serán as dúas estacións restantes: a primavera e o verán. As Letras Galegas serán de especial relevancia.	25	5			X
4	Pintores	Esta UD inicia o alumnado na vida e obra de diversos artistas. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado.	50	17	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O outono	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre o emprego da arte con elementos naturais: Frottage (técnica artística que consiste en frotar pinturas sobre un obxecto conseguindo unha impresión de forma e textura).	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica rasgos básicos dos elementos empregados.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas. Escoita con respecto a audición da estación do outono de Vivaldi.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Observa o entorno inmediato e crea composicións artísticas. Relaciona os elementos plásticos coa natureza e co medio (outono).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colabora de xeito positivo na realización dun mural grupal.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece e aprecia a beleza da natureza nas representacións plásticas.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comprende a información en esquemas previos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e mostra interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Emprega a liña aberta e pechada, experimentando con elas para completar debuxos no ordenador e colorea debuxos arrastrando diferentes tonalidades co ordenador.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Colabora, grupalmente, de xeito positivo na realización dun mural elaborado a partir de imaxes dixitais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
2	O inverno	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre as composicións con figuras xeométricas básicas sobre fondo negro.	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica. Escoita con respecto a audición da estación do inverno de Vivaldi.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora portadas e colaxes empregando as ferramentas e as técnicas básicas: recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores...		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais. Usa as cores aprendidas usando un vocabulario axeitado.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións plásticas propias e alleas.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre no ordenador e na pantalla dixital composicións con figuras xeométricas básicas sobre fondo negro.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Produce co ordenador obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Elabora co ordenador figuras formadas coas formas xeométricas traballadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións plásticas propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	A primavera e o verán	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descobre, identifica e emprega os diferentes tipos de liña.	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica. Escoita con respecto a audición da estación da primavera e do verán de Vivaldi.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Experimenta cos diferentes tipos de liña para completar debuxos. Debuxa, completa e colorea a figura humana seguindo modelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Realiza un mosaico grupal, coa axuda de cuadrícula, identificando e recoñecendo tamaños.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica no ordenador e na pantalla dixital diferentes formas de representar o espazo.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza e completa co ordenador debuxos con distintos tipos de liña. Relaciona partes do corpo coa figura humana. Experimenta distintas formas de representar o espazo.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Participa de xeito positivo en xogos de ordenador sobre localización de obxectos ocultos, labirintos e deseño de figuras humanas e expresións faciais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Pintores	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra algúns datos relevantes da vida e obra de Picasso, Matisse e Pollock.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Identifica e sitúa no mapa algunhas cidades importantes na vida de Picasso, Matisse e Pollock.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Le e comprende frases relacionadas coa vida de Picasso, Matisse e Pollock.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración dun mural.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Memoriza e recita fragmentos de poemas moi sinxelos relacionados coas obras de Picasso.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións propias e alleas.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra algúns datos relevantes das obras do pintor traballadas na aula.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega estratexias para descubrir palabras relacionadas con Pablo Picasso, Matisse e Pollock mediante xogos e/ou xeroglíficos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá.		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo.		
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá		
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Usa estratexias para resolver problemas.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Obtén diferentes solucións a un mesmo problema.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Valorar o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Aplicar estratexias básicas de resolución.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as emocións básicas, pedindo axuda só cando sexa necesario.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Valorar o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa no traballo en equipo.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Sentido das operacións. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.

Contidos

- Relacións
- Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada.
- Educación financeira
- Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE.
- Magnitude
- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.
- Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais.
- Construción do calendario para a comprensión das conexións entre diferentes unidades de tempo.
- Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma).
- Medición
- Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas.
- Patróns
- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.
- Modelo matemático
- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.
- Relacións e funcións
- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.
- Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.
- Incerteza
- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade

Contidos

- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía en educación primaria debe acercar o proceso de ensinanza/aprendizaxe aos contextos reais do alumnado. No caso das metodoloxías activas a súa fortaleza reside, principalmente, no seu atractivo para o alumnado, na súa fácil combinación entre elas, na utilización das novas tecnoloxías como recurso, na toma de conciencia e reflexión co entorno, na colaboración con outros axentes, na aprendizaxe autónoma, na flexibilidade e versatilidade e, sobre todo, no axuste co desenvolvemento competencial do alumnado.

A metodoloxía activa parte dunha serie de principios metodolóxicos e utiliza unha serie de estratexias que pretenden como obxectivo fundamental que os alumnos/as aprendan dunha maneira autónoma e se desenvolvan en todas as facetas da súa personalidade.

Na educación primaria a metodoloxía debe ser activa, participativa e flexible, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por sí mesmos e promovendo o traballo en equipo.

O alumno/a é protagonista activo nesta programación; investiga, descubre, manipula, participa, cuestiona e responde.

As liñas metodolóxicas da nosa programación son as seguintes:

- A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención.

Así pois, a perspectiva globalizadora do proxecto, a través do que chamamos situacións de aprendizaxe, interrelaciona as distintas áreas para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan a súa significatividade, provocando a entrada en xogo de todos os mecanismos da personalidade do neno e nena.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten de partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada unidade didáctica cunha avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construír os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada considera as características e diferencias persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. Propoñemos que a relación entre o profesorado e o alumnado se realice dentro dun ambiente democrático, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

- A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse.

Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no xogo por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade.

A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento

da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.

- Aprendizaxe cooperativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno é o verdadeiro protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

- Aprendizaxe baseada na investigación, na resolución de problemas e descubrimentos: os alumnos/as aprenden a través da abordaxe ou de preguntas, da análise de probas, de conectar ditas probas con coñecementos preexistentes, de sacar conclusións e reflexionar sobre os seus achados. actividades investigativas que permitan elaborar hipótesis, sacar conclusións e reforzar as aprendizaxes máis instrumentais, favorecendo o pensamento crítico e o pensamento científico

- Aprendizaxe baseada en proxectos: resolvendo situacións, retos ou respondendo a preguntas, a través dos seus coñecementos, recursos, investigación, reflexión e cooperación activa.

- As medidas metodolóxicas rexiranse por principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionando diversas opcións didácticas para que os alumnos e alumnas se transformen en persoas que aprenden a aprender e estén motivados pola súa aprendizaxe e, por tanto, que estén preparados para continuar aprendendo durante as súas vidas. Desta maneira, fomentaranse procesos pedagóxicos que sexan accesibles para todos mediante un currículo flexible que se axusta ás necesidades e diferentes ritmos de aprendizaxe.

- Aprendizaxe baseada en retos: involucrando activamente ao alumnado nunha situación problemática real, relevante e de vinculación co entorno, a cal implica a definición dun reto e implementar para éste unha solución.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto, caderno, fichas, material de aula (cartas, moedas, pauiños..) Pizarra convencional, pizarra dixital

Trátase de mostrar as matemáticas en distintos formatos para facer as correspondentes comprobacións posteriormente de xeito manipulativo

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso.

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Matemáticas.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	10	12	10	12	12	12	10	10	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

Para a avaliación do alumnado teranse en conta as producións escritas e a observación tendo un 50 % de peso cada unha destas partes. Os instrumentos de avaliación para as producións escritas serán as fichas, portfolio e demais traballos e para a observación o caderno diario do profesor así como algunha rúbrica.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores e valoraremos as producións escritas. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais...

Durante o primeiro ciclo da etapa non vemos precisa a utilización de probas escritas (exames) para calificar ao alumnado, con todo, todos os traballos escritos (libreta, traballos de aula, murais...) terémolos en conta para construír a cualificación dos nosos alumnos/as.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte porcentaxe:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación 20%, nota 2ª avaliación 30%, nota 3ª avaliación 50%.

Criterios de recuperación:

De acordo coa ORDE do 26 de maio do 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na comunidade autónoma de Galicia, o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias, a decuas e personalizadas para ratender o desfase curricular ou as dificultades do alumno/a, o equipo docente considera a permanencia un ano máis no mesmo curso a medida máis adecuada.

Por outra banda, agora cos ciclos, o s alumnos/as de primeiro curso pasan directamente a segundo e será neste

último no que non poderán promocionar. Tamén, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

6. Medidas de atención á diversidade

Dado que cada alumno/a ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e nena e o seu ritmo de traballo.

Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e en outro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

De aquí que o docente, coñecendo o estado inicial do seu alumnado, e sendo este o punto de partida, seleccionará aquilo que mellor poida responder aos propósitos que persiga.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
	UD 9							

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas	Saídas culturais a museos, museos, lugares de interese	X		
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser: Día Mundial da saúde, do Medio Ambiente...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñecemos elementos do contorno e experimentamos con eles.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Regulación da práctica docente.
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía axeitada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Preparación da clase e dos materiais didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias.

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
- Insuficiente: omítese elementos fundamentais do indicador
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.

- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A expresión artística é connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos e, pola súa importancia na vida, debe gozar da súa atención e do seu espazo.

A área de Música e Danza na educación primaria dá continuidade ao desenvolvemento iniciado polo alumnado na etapa de educación infantil a nivel expresivo e comunicativo a través das áreas globalizadas. Así mesmo, esta área asenta as bases para que o alumnado poida desenvolver nas mellores condicións as competencias artísticas a través da materia de Música na educación secundaria obrigatoria. A área de Música e Danza desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa. Por unha banda, o alumnado debe ser partícipe da comprensión da cultura na que vive para poder dialogar con ela, elaborar criterios útiles de entendemento e gozo e desenvolver progresivamente o sentido crítico. Deste xeito, é esencial traballar a confianza en si mesmo, a autoestima e a empatía. Tamén é moi relevante a valoración de producións culturais e artísticas diversas que enriquezan tanto o individuo como a sociedade, xa que o diálogo intercultural e o respecto á diversidade son ferramentas poderosas para a reconciliación, a cohesión social e a creación de sociedades pacíficas.

Por outra banda, a área de Música e Danza favorece a experimentación, a expresión e a produción artística de forma progresiva ao longo dos tres ciclos nos que se organiza a educación primaria. O alumnado explorará as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as distintas técnicas sonoras e corporais para a creación das súas propias propostas. Considérase fundamental a aproximación ao traballo, tanto individual coma colectivo, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados, co obxectivo de que o alumnado investigue e experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área. As disciplinas artísticas deben tratarse baixo a perspectiva de xénero, polo que cómpre incorporar e normalizar tamén a contribución das mulleres á evolución da música e da danza, historicamente esquecida. Deste xeito, favorecerase que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan acadar unha visión igualitaria da sociedade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O outono	Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da música e da danza a través da estación do outono como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	10	8	X		
2	O inverno	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través do inverno como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	15	7		X	
3	A primavera e o verán	A UD3 amplía os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor serán as dúas estacións restantes: a primavera e o verán. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	25	6			X
4	Músicas e danzas do mundo	Esta UD profundiza nas músicas e danzas da nosa contorna e doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do	50	14	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Músicas e danzas do mundo	alumnado e procurárase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza.	50	14	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O outono	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa mostrando respecto por estas.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir elementos básicos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas.		
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Iniciarse no recoñecementos visual e auditivo de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Recoñecer os elementos fundamentais da linguaxe musical a través da vivencia destes.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Recoñecer elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación de actividades escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	O inverno	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa mostrando respecto por estas.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir elementos básicos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas.		
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas experimentando coas linguaxes e instrumentos básicos.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Recoñecer elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación de actividades escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafas non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.

Contidos

- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.
- Vocabulario específico básico de música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	A primavera e o verán	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa mostrando respecto por estas.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir elementos básicos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas.		
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.		
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolver a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma colaborativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas experimentando coas linguaxes e instrumentos básicos.		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Tomar parte no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas musicais gozando das mesmas		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Recoñecer elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma colaborativa.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas gozando das mesmas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación de actividades escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa

Contidos
- expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Músicas e danzas do mundo	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa mostrando respecto por estas.	TI	100
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Describir elementos básicos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas compartindo sensacións.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas experimentando coas linguaxes e instrumentos básicos..		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Tomar parte no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas musicais gozando das mesmas		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Recoñecer elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma colaborativa.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación de actividades escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	.Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas gozando das mesmas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o deseño de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe,

favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

- O afondamento progresivo no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza ao longo de toda a etapa.
- O uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.
- O emprego de didácticas específicas da ensinanza da música e do movemento (OrffSchulwerk, Curwen, Ward, Dalcroze, Kodály, Chevais, Willems, Martenot etc.) que axuden a potenciar no alumnado as diferentes habilidades de percepción, análise, creación e expresión musicais e do movemento. Estas metodoloxías pódense empregar dun xeito ecléctico co fin de adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- A vivencia dos elementos da linguaxe musical e do movemento como paso necesario para a súa correcta comprensión e adquisición.
- A planificación de situacións de aprendizaxe, experiencias, procesos, proxectos, retos e tarefas que desenvolvan a capacidade de apreciación, análise, creatividade, imaxinación e sensibilidade do alumnado. As situacións de aprendizaxe deben estar vinculadas a contextos próximos ao alumnado que favorezan a aprendizaxe significativa e esperten a súa curiosidade e interese pola música, a danza e as artes performativas. Resulta interesante desenvolver as capacidades musicais e expresivas do alumnado a través das conmemoracións e centros de interese que se desenvolvan no centro. A aprendizaxe a partir de experiencias e do aproveitamento da oferta musical e escénica permite potenciar no alumnado un enfoque aberto e receptivo, estimulando o interese deste pola cultura propia e allea.
- O emprego de recursos, soportes e contextos variados na realización de actividades musicais e de expresión corporal. A presentación da información ao alumnado pode realizarse en diferentes formatos tendo en conta a capacidade de percepción e de comprensión ou o uso da linguaxe por parte deste.
- A énfase en que o alumnado aprenda a aprender e participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo e protagonista da súa propia aprendizaxe.
- A realización do traballo na aula de xeito individual, en parellas estratéxicas, en pequenos grupos ou en grupo grande. Isto ten especial relevancia nas actividades de expresión musical e do movemento.
- A potenciación no alumnado da expresión das súas emocións e da autorregulación destas para fomentar a empatía e facilitar o recoñecemento emocional propio e alleo.
- O tratamento das principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical e escénica e performativa desde unha perspectiva de xénero

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Páxina web do centro: sección Aula Virtual
Cartafol con fundas
Estoxo

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Motivaremos ao alumnado para que a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe sexa significativa, procurando que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe utilizando ferramentas e materiais novedosos.

A aula, é espaciosa, para a danza e as actividades que impliquen movemento, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, o ordenador de aula conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva. Contamos con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

O alumnado terá o seu material na titoría.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial na etapa de educación primaria realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante da que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo. Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 2 sesións, para poder establecer uns criterios do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	25	50	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.

A avaliación na educación primaria será global, continua e formativa.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto

155/2022, do 15 de setembro. Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraeráse da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos a observación directa e as producións do alumnado.

A cualificación da avaliación final da materia calcularáse aplicando a seguinte porcentaxe:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación 20%, nota 2ª avaliación 30%, nota 3ª avaliación 50%.

Criterios de recuperación:

De acordo coa ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente elaborará, baixo a coordinación do profesorado titor, un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. Para a elaboración e o seguimento do dito plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Se ben é certo que, agora cos ciclos, os alumnos/as de primeiro pasan directamente a segundo e será neste último curso no que poderán non promocionar. De todos os xeitos garantiranse todos os apoios necesarios e as medidas de atención á diversidade pertinentes para todo aquel alumnado que, ao rematar primeiro, o precise.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria pñeráse especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Tamén teremos en conta o seguimento das Adaptacións Curriculares que teña o alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Foliada de música tradicional galega no magosto	Foliada no 1º trimestre no centro (en relación á UD4) a cargo de profesorado do centro para festexar o magosto	X		
Festival de Entroido	Desfile de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3) no auditorio de pasatempo aberto ao público		X	
Mostra de folclore na Semana das Letras Galegas	Mostra das distintas asociacións folclóricas de Betanzos			X

Observacións:

Temos solicitado o concerto didáctico do Palacio da Ópera, á espera de que nolo concedan. Faremos actividades complementarias que teñan relación co PDI para este curso "O bosque dos contos" e co traballado na aula.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.

Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.
4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para correxir as dificultades

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Proxecto Competencial dirixese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes, nas que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións. Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo, e inserirse e participar activamente na sociedade na que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades. As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a área de Proxecto Competencial pode configurarse como un traballo monográfico ou un proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade, e as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes. Para facilitar a concreción curricular desta área establécense tres bloques.

No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquieran as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas.

No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados.

No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Cómpre reforzar a presenza da comunicación nas aulas, e esta área parece un ámbito adecuado para o facer, polo que máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.

Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Definición de proxectos	Neste trimestre traballaremos dinámicas para mellorar a convivencia, coñecerse mellor a un mesmo e aos demais e coidar o medioambiente e a contorna na que vivimos.	20	10	X		
2	Execución de proxectos	Neste trimestre os alumnos/as traballarán de forma cooperativa para deseñar solucións a diferentes problemas plantexados relacionados coa vida da aula (contidos que están a traballar en proxectos) e coas diferentes celebracións (Día da Paz e non Violencia, Entroido...)	30	10		X	
3	Presentación de proxectos-Artistas	Neste trimestre traballaremos a exposición dos traballos deseñados e elaborados polo alumnado relacionándoos coas diferentes formas de expresión culturais, artísticas, musicais e literarias.	50	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Definición de proxectos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia das normas de convivencia e o coidado do entorno.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos modelos.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Execución de proxectos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentación de proxectos- Artistas	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o produto final.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levaranse a cabo tres unidades didácticas (unha por trimestre) que seguirán unha mesma liña metodolóxica baseada no traballo por proxectos.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento. Os proxectos serán realizados en grupos de traballo cooperativo, parellas ou de forma individual (segundo o tipo de tarefa) co fin de acadar un produto final común (ben de grupo ou de clase): mural, presentación, manualidade...

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN centrarémonos na presentación e coñecemento dun mesmo e dos demais a partir de diferentes dinámicas de cohesión de grupo.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, aproveitaremos as fábulas populares para traballar a resolución de problemas iniciándonos no traballo por grupos cooperativos.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado traballará a exposición (oral, escrita, pictórica ou motriz) de diferentes produtos finais relacionados con obras artísticas, pezas musicais, recursos literarios..

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...) - Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...) - Ciencias Sociais (espazos e lugares da contorna, momentos históricos, antropoloxía...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)
- Música e Danza (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Videos, audios e curtos educativos.
Caderno de aula, folios, fichas
Lapis, pinturas, gomas, tesoiras, cartolina...
Libros da biblioteca do centro

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres de dous, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

O s criterios de cualificación serán: 50% producións dos alumnos/as (escritas, orais...) e 50% observación diaria. A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte porcentaxe: Nota 1ª avaliación 20%, nota 2ª avaliación 30%, nota 3ª avaliación 50%.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en concursos e celebracións do centro .	Exposición dos produtos finais.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas

Metodoloxía empregada
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 1º de E.Primaria CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a

promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	UN MAR DE BOSQUES. Necesitamos a auga para vivir!	A auga é o elemento máis importante para os seres humanos, as plantas e os animais. As persoas tendemos a abusar deste elemento, causando numerosos prexuízos na nosa contorna. Nesta unidade, o alumnado vai coñecer contidos relacionados coas extensións de auga presentes no noso planeta, e máis concretamente nos bosques, e as súas características. Ao finalizar, preténdese que consigan tomar consciencia dos usos que facemos da auga e que recoñezan o importante que é para a vida e a necesidade de coidala.	15	12		X	
4	O BOSQUE, PULMÓN DA TERRA. O aire é moi importante!	A contaminación do aire representa un importante risco para a saúde ambiental e, desde o colexio, temos que transmitir a necesidade de contribuír a mellorar a calidade do aire que respiramos. As capas da Terra son conceptos que se traballarán nesta unidade para comprender a importancia do aire nas nosas vidas.	15	12		X	
5	A ALCALDESA VERMELLA.	Nesta unidade trátase de promover aprendizaxes para vivir en sociedade. O respecto aos demais, a tolerancia e a solidariedade son valores e normas sociais que se desenvolven na nosa vida en sociedade. Para que o alumnado senta un compromiso real por participar na mellora da súa contorna máis próxima, é necesario que coñeza con anterioridade os elementos que o conforman e inflúen nel. Por iso, nesta unidade propóñense contidos que promoven o desenvolvemento de experiencias significativas e cotiás e fomentan esa necesaria conciencia social para coa súa localidade e outros ambientes.	25	12			X
6	MIRANDO AO PASADO. Este conto está rematado.	Entender que o pasado é a base sobre a cal se constrúe o presente e se planifica o futuro é o obxecto principal desta unidade. A través dos contidos e das actividades multidisciplinares que se recollen nela, preténdese xerar no alumnado unha curiosidade por que investiguen e interpreten a información, aparentemente invisible, de multitude de obxectos e detalles presentes na súa cotiandade. Coñecer dunha forma máis contextualizada o concepto abstracto do tempo, apreciar as súas pegadas na actualidade e familiarizarse con temas relacionados coa historia son a base para a aprendizaxe nesta última unidade do curso.	25	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CONTANDO UN CONTO. A Terra. O espazo.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes.	PE	60
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, a organización e as propiedades, os elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar basicamente elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Identificar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Mostrar interese na realización de experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas.

UD	Título da UD	Duración
2	O BOSQUE DE HANSEL E GRETEL. Descubrimos as paisaxes. O bosque.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información de diferentes fontes.	PE	60
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Recoñecer determinados dispositivos de acordo co contexto.	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Demostrar curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra. - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.

UD	Título da UD	Duración
3	UN MAR DE BOSQUES. Necesitamos a auga para vivir!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables.	PE	45
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, a organización e as propiedades do medio.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Mostrar interese na utilización de dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	55
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Mostrar interese na realización de experimentos guiados.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información,

Contidos

- experimentos con control de variables...).
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.
- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual
- A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo.
- O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma.
- O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.
- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.
- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
4	O BOSQUE, PULMÓN DA TERRA. O aire é moi importante!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes.	PE	60
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, a organización e as propiedades do medio.		
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos de acordo co contexto	TI	40
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Demostrar curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Mostrar interese na realización de experimentos guiados		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo. - O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma. - O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural. - Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
5	A ALCALDESA VERMELLA.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes.	PE	45
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer os principais órganos de goberno do seu Concello		
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais de acordo co contexto.	TI	55
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Demostrar curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Mostrar interese en realizar experimentos guiados.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Analizar as migracións na actualidade, partindo da súa realidade próxima, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Organización política e territorial de Galicia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos. Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
6	MIRANDO AO PASADO. Este conto está rematado.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes	PE	50
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade antiga.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade antiga, incorporando a identidade de xénero.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo	TI	50
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Mostrar interese en realizar experimentos guiados		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer e respectar o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e

Contidos

- faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual
- As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia.
- O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos.
- As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero.
- O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación.
- Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente.
- A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

En cada unidade didáctica, traballaremos de xeito integrado según nos marca a temática do PDI.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Biblioteca do centro
Computador de aula e encerado dixital
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Computadores (Sala informática).
Globo Terráqueo
Programa Scratch
Mapas e planisferios

Google Earth
Material de refugallo (cartóns, papeis...)
Libreta ou caderno
Aula virtual do centro (recursos, tarefas, contidos H5P...).

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións). Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais. Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual... A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísctas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	15	25	25	100
Proba escrita	60	60	45	60	45	50	52
Táboa de indicadores	40	40	55	40	55	50	48

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Tamén se avaliará cada UD a través dunha proba escrita. 3º de EP será o primeiro curso onde levaremos a cabo este tipo de probas, polo que terán un carcater moi simple. Empregaremos actividades de completar enunciados ou de relacionar elementos, pero non comezaremos a cualificar con preguntas abertas de resposta libre ata o vindeiro curso

Peso de cada avaliación:

1º trimestre 20% da ordinaria

2º trimestre 30% da ordinaria

3º trimestre 50% da ordinaria.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final, será a que se acade na terceira avaliación.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Compre lembrar que nos cursos impares non se pode permanecer un ano máis no curso correspondente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital				X	X	X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Emprendemento	X	X	X		X	
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable		X	X			
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X			
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.					X	
ET.14 - Respeto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita as fragas	Coñecer o bosque autóctono	X		
Obradoiro no centro	Mundo bichos		X	
Visita ao Museo de historia Natural e Museo de Contrucción Naval de Ferrol	Saída e visita a Museos			X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Clima de traballo na aula
Consegiuse motivar ao alumnado?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. A información para avaliar todos estes items estará recollida no diario de sesións e no rexistro anecdótico de cada unha das Unidades Didácticas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 3º nivel, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	33
4.2. Materiais e recursos didácticos	34
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	36
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	40
7.2. Actividades complementarias	42
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	43
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	44
9. Outros apartados	44

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 3º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

* CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 2º CICLO (8 a 10 anos)._____

- Ámbito cognitivo: atópase en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan lóxicamente, xa non emiten xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vencellado á manipulación dos obxectos aos que éste se refire.

- Ámbito motor: teñen cada vez máis relacións co mundo que os rodea. Neste período, mostran unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.

- Ámbito afectivo-social: nesta idade, ábrese a persoas e costumes diferentes ás súas, na que actúan de modo cada vez máis autónomo, poñéndose eles mesmos os seus fins e organizando as súas accións por sí solos en función dos seus proxectos e obxectivos. Nesta etapa advírtese unha segregación entre sexos, producíndose unha clara

diverxencia entre os xogos dos nenos e das nenas. Neste período, o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

* CONTEXTUALIZACIÓN. _____

- Centro: CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN
- Unidades: 40 (10 en EI e 30 en EP)
- Curso: 3º EP
- Nº alumnos/as: 120
- Contorna: Urbana
- Instalacións: polideportivo, patio exterior, patio cuberto.
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro xogos populares	Semana de presentación e práctica de diversos xogos tradicionais: rá, chave, aro, trompo, etc.		X	
Plan Proxecta: proxectos de vida activa e saudable	Programa co cal pretendemos dende o centro inculcar hábitos de vida activa e saudable, buscando un incremento diario da actividade física, tanto dentro como fóra do centro	X	X	X
Contratos programa: CP Innova: EDUsaúde	En colaboración con "Aliméntate ben", pretendemos ao longo do curso ensinar ao noso alumnado hábitos de vida activa e saudable para mellorar a súa calidade de vida	X	X	X
Carreira Solidaria	No mes de maio faremos unha carreira na que participará toda a comunidade educativa			X
Xornada multideporte	A finais de curso faremos unha xornada conxunta no Concello xogando a múltiples deportes			X
Educación vial	No 2º trimestre faremos unha semana sobre Ed. Vial para que o noso alumnado coñeza as diferentes sinais que temos na nosa contorna		X	
Xogos con material de reciclaxe	No 1º trimestre aprenderemos a facer xogos con material de reciclaxe	X		

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, saídas, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

As actividades Complementarias e Extraescolares que se presentan na listaxe son un exemplo de actividades que se poderán levar a cabo, polo que serán adaptadas a cada centro docente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que é importante, que teñen que aprender...)
Metodoloxía empregada
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa...
Metodoloxía: aberta e flexible, agrupamentos, métodos e estilos de aprendizaxe variados, adaptarse ás características do alumnado e ás circunstancias que xordan durante a práctica deportiva
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Elementos transversais: as sesións traballan implícitamente temas transversais: resolución de problemas, traballo en equipo, igualdade, educación para a saúde, etc.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinariedade: planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado: por nivel, equipo de Educación Física, profesorado de apoio...

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo

concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como as escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora. O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, aó remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente, e a avaliación do proceso de ensino/aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista. A programación é un documento co que guiarse día a día na realidade da aula polo que continuamente hai que reflexionar sobre a súa adecuación a cada grupo-clase ou a cada alumno ou alumna e se é necesario modificala en función dos feed-back recibidos e dos resultados obtidos. Será revisada trimestralmente xunto ca avaliación do alumno, avaliación do docente e avaliación do ensino/aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.

Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.

Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.

O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización previstas.

Aplicación metodoloxía didáctica acordada.

Adecuación da secuencia de traballo na aula.

Adecuación dos materiais didácticos utilizados.

Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado.

Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.

Adecuación dos programas de apoio, recuperación...

Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.

Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.

Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.

Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.

Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Neste centro, dado o contexto do alto número de alumnado procedente doutras rexións e doutros países, e, en moitas ocasións de incorporación tardía, tanto nun eixe coma no outro farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas do mundo como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes das rexións e/ou países do alumnado inmigrante, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coa outra materia de ámbito artístico, Música e Danza.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 3 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que as 3 UD teñen unha temporalización de carácter trimestral.

Cada Unidade Didáctica estará divida en varios apartados:

1. Plantexamento dunha situación de aprendizaxe que estará determinada pola temática do PDI deste ano.
2. Proposta dun produto plástico , que non será un fin, senón o medio para provocar unha reflexión.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O BOSQUE DOS CONTOS. Protexendo os contos.	Esta UD está relacionada co PDI. Traballarase con materiais , técnicas, texturas diversas para a elaboración de produtos artísticos relacionados coa temática do conto escollido, Hansel e Gretel. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	20	11	X		
2	O MUSEO DOS CONTOS. Un mar de bosques.	Esta UD prosegue o traballo anterior, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais. O produto central desta UD será o deseño e elaboración dos complementos para o disfraz de Entroido. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	30	12		X	
3	REINVENTANDO HISTORIAS. Liberar a nosa produción.	A UD3 desenvolve os contidos básicos da linguaxe visual: punto, liña grossa, fina, continua e descontinua, plano, cor. E profundiza no emprego dos materiais e técnicas para a elaboración dun cómic. Reinventando o noso conto de Hansel e	50	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	REINVENTANDO HISTORIAS. Liberar a nosa produción.	Gretel dun xeito creativo. As Letras Galegas serán de especial relevancia.	50	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O BOSQUE DOS CONTOS. Protexendo os contos.	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.	PE	45
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona e aplica estratexias elementais para a busca guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas.		
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade e emprégaos nas súas composicións.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa ideas, sentimentos e emocións a través das diferentes manifestacións artísticas plásticas e visuais.	TI	55
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Identifica propostas artísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Comprende e asume as súas responsabilidades e as dos demais, recoñecendo o esforzo individual nas tarefas colectivas.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa na elaboración dunha produción plástica grupal respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Utiliza os materiais necesarios dun modo adecuado en cada proposta, respectándoos e coidándoos		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coida e emprega axeitadamente os recursos de traballo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Estratexias de recepción activa. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - continua e descontinua; plano; textura; cor. - Iniciación no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
2	O MUSEO DOS CONTOS. Un mar de bosques.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Coñece algunha das profesións dos ámbitos artísticos. Recoñece as características do traballo de profesionais da artesanía.	PE	56
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Comprende e asume as súas responsabilidades e as dos demais, recoñecendo o esforzo individual nas tarefas colectivas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Realiza as súas composicións organizando o espazo e buscando a proporción entre persoas e obxectos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as súas experiencias creativas plásticas e visuais.	TI	44
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as producións creadas por diferentes profesionais artísticos.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes fixas e en movemento e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias de recepción activa. - Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado. - Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. - Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero. - Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.

Contidos
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

UD	Título da UD	Duración
3	REINVENTANDO HISTORIAS. Liberar a nosa produción.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza composicións plásticas con diferentes técnicas de debuxo partindo de contidos traballados en unidades anteriores (puntillismo, acuarela, témpera...).	PE	40
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Organiza o espazo das súas producións empregando os conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais.	TI	60
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participa no proceso cooperativo respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as súas experiencias creativas plásticas e visuais.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa de xeito positivo en actividades e xogos de ordenador sobre localización de obxectos ocultos, labirintos e deseño de paisaxes.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comparte as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas a través do ordenador.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas. - Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Cartolinas
Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual

Estoxo
Pasta de modelaxe
Regra, escuadro e cartabón

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula ordinaria. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Realizarase unha proba durante as 4 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Proba escrita	45	56	40	46
Táboa de indicadores	55	44	60	54

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 20%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 50%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre.

Ademais, se estes non foren acadados trimestralmente, isto poderá ser acadado de cara á avaliación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Compartir a nosa produción	Compartir os nosos traballos coa comunidade escolar.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da programación: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.

Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familia no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	3º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	39
4.2. Materiais e recursos didácticos	41
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	42
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	42
6. Medidas de atención á diversidade	43
7.1. Concreción dos elementos transversais	44
7.2. Actividades complementarias	45
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	46
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	47
9. Outros apartados	47

1. Introducción

A Programación anual que se presenta a continuación, está destinada ao alumnado de 3º de Educación Primaria. A ratio é de 24 alumnos/as por aula e con varios casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en cada unha.

Esta Programación é coherente coa realidade da comunidade educativa na cal nos atopamos, xa que a lingua máis empregada polo alumnado é o castelán.

O ensino da área ou materia de Lingua Castelá e Literatura ao longo da etapa de Educación Primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado entendida en todas as súas vertentes, pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria.

Debe tamén aportarlle as ferramentas e coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra.

A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A área de Lingua Castelá e Literatura artículase en seis bloques:

-A lingua e os seus falantes.

-Comunicación oral.

-Comunicación escrita.

-Alfabetización mediática e informacional.

-Educación literaria.

-Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua castelá, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

Por último, é importante mencionar que en cada unhas das unidades faranse actividades relacionadas co PDI do centro "O bosque dos contos".

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	¿Te presento a mi amiga?	Na primeira unidade partírase do PDI do centro, polo que comezaremos presentando aos personaxes do noso conto. Explicaráselles que ao final da unidade deberán facer o mesmo so que presentando a un amigo/a. Tamén se traballará a lectura e comprensión dun conto, os sinónimos, c/qu, a diversidade de linguas e os poemas para xogar.	5	12	X		
2	¿Somos iguais?	Comezaremos falando de que todos somos diferentes, polo que a diversidade está presente na nosa aula e na sociedade. Por iso, ao acabar a unidade elaborárase un cartel sobre a igualdade empregando unha linguaxe inclusiva. Ademais, traballárase a lectura e comprensión dun conto, os antónimos, g/gu/gü, a oración, as páxinas web e o texto informativo.	5	12	X		
3	¿Me echas una mano?	Desenvolverase a empatía e a demanda de axuda cando o precisamos. Tamén se traballará a lectura e comprensión dun conto, as palabras polisémicas, ortografía, as retahílas e a creación dun programa dunha festa solidaria.	5	12	X		
4	¿El tiempo está loco?	Nesta unidade plantéxase a influencia da meteoroloxía nas nosas vidas e a expresión de hipóteses sobre situacións relacionadas	5	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	¿El tiempo está loco?	coa mesma, así como a creación dun pronóstico sobre o tempo. Ademais, propónse a lectura e comprensión dun conto e o traballo sobre as palabras colectivas, ortografía, a sílaba e as súas clases e sobre a noticia.	5	12	X		
5	¿Cuidamos a los mayores?	Nesta unidade reflexiónase e débatese sobre a importancia que teñen os maiores e a influencia que exercen na sociedade. Transversalmente lerase e comprenderase un texto teatral e traballarase as palabras derivadas, mp/mb, o substantivo, os caligramas e a biografía.	7	12		X	
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A expresión artística é connatural ao ser humano desde a orixe dos tempos e, pola súa importancia na vida, debe gozar da súa atención e do seu espazo.

A área de Música e Danza na educación primaria dá continuidade ao desenvolvemento iniciado polo alumnado na etapa de educación infantil a nivel expresivo e comunicativo a través das áreas globalizadas. Así mesmo, esta área asenta as bases para que o alumnado poida desenvolver nas mellores condicións as competencias artísticas a través da materia de Música na educación secundaria obrigatoria. A área de Música e Danza desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa. Por unha banda, o alumnado debe ser partícipe da comprensión da cultura na que vive para poder dialogar con ela, elaborar criterios útiles de entendemento e gozo e desenvolver progresivamente o sentido crítico. Deste xeito, é esencial traballar a confianza en si mesmo, a autoestima e a empatía. Tamén é moi relevante a valoración de producións culturais e artísticas diversas que enriquezan tanto o individuo como a sociedade, xa que o diálogo intercultural e o respecto á diversidade son ferramentas poderosas para a reconciliación, a cohesión social e a creación de sociedades pacíficas.

Por outra banda, a área de Música e Danza favorece a experimentación, a expresión e a produción artística de forma progresiva ao longo dos tres ciclos nos que se organiza a educación primaria. O alumnado explorará as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as distintas técnicas sonoras e corporais para a creación das súas propias propostas. Considérase fundamental a aproximación ao traballo, tanto individual coma colectivo, a partir de ferramentas, instrumentos e materiais variados, co obxectivo de que o alumnado investigue e experimente nas dimensións lúdica, creativa, comunitaria e social da área. As disciplinas artísticas deben tratarse baixo a perspectiva de xénero, polo que cómpre incorporar e normalizar tamén a contribución das mulleres á evolución da música e da danza, historicamente esquecida. Deste xeito, favorecerase que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan acadar unha visión igualitaria da sociedade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O outono	Esta UD pretende, por un lado afianzar os contidos de 2º primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, e, polo outro, seguir desenvolvendo a percepción e expresión musical activa e da danza. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	10	8	X		
2	O inverno	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, a través do PDI "O bosque dos contos" como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	15	7		X	
3	A primavera	A UD3 afianzaran os elementos de contidos das UD1 e UD2, seguindo co fío condutor do PDI. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	25	8			X
4	Músicas e danzas do mundo	Esta UD profundiza nas músicas e danzas galegas e doutros países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurarse a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza.	50	12	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O outono	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identificar visual e auditivamente e clasificar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento .		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Utilizar elementos básicos da linguaxe musical como apoio da interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas musicais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.

Contidos

- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	O inverno	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identificar visual e auditivamente e clasificar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Utilizar elementos básicos da linguaxe musical como apoio da interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa .		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.

Contidos

- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
3	A primavera	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas e establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.		
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identificar visual e auditivamente e clasificar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Utilizar elementos básicos da linguaxe musical como apoio da interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas musicais.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa .		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma colaborativa.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de uso común en música. - Recursos dixitais de uso común para música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.

Contidos

- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
4	Músicas e danzas do mundo	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	.Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas e establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma colaborativa.		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa .		
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma colaborativa.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final desde a igualdade e o respecto á diversidade.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e

Contidos

- pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o deseño de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD

remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

- O afondamento progresivo no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza ao longo de toda a etapa.
- O uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.
- O emprego de didácticas específicas da ensinanza da música e do movemento (OrffSchulwerk, Curwen, Ward, Dalcroze, Kodály, Chevais, Willems, Martenot etc.) que axuden a potenciar no alumnado as diferentes habilidades de percepción, análise, creación e expresión musicais e do movemento. Estas metodoloxías pódense empregar dun xeito ecléctico co fin de adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- A vivencia dos elementos da linguaxe musical e do movemento como paso necesario para a súa correcta comprensión e adquisición.
- A planificación de situacións de aprendizaxe, experiencias, procesos, proxectos, retos e tarefas que desenvolvan a capacidade de apreciación, análise, creatividade, imaxinación e sensibilidade do alumnado. As situacións de aprendizaxe deben estar vinculadas a contextos próximos ao alumnado que favorezan a aprendizaxe significativa e esperten a súa curiosidade e interese pola música, a danza e as artes performativas. Resulta interesante desenvolver as capacidades musicais e expresivas do alumnado a través das conmemoracións e centros de interese que se desenvolvan no centro. A aprendizaxe a partir de experiencias e do aproveitamento da oferta musical e escénica permite potenciar no alumnado un enfoque aberto e receptivo, estimulando o interese deste pola cultura propia e allea.
- O emprego de recursos, soportes e contextos variados na realización de actividades musicais e de expresión corporal. A presentación da información ao alumnado pode realizarse en diferentes formatos tendo en conta a capacidade de percepción e de comprensión ou o uso da linguaxe por parte deste.
- A énfase en que o alumnado aprenda a aprender e participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo e protagonista da súa propia aprendizaxe.
- A realización do traballo na aula de xeito individual, en parellas estratéxicas, en pequenos grupos ou en grupo grande. Isto ten especial relevancia nas actividades de expresión musical e do movemento.
- A potenciación no alumnado da expresión das súas emocións e da autorregulación destas para fomentar a empatía e facilitar o recoñecemento emocional propio e alleo. - O tratamento das principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical e escénica e performativa desde unha perspectiva de xénero

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Proxector
Ordenador
Altofalantes
Piano electrónico
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Cartafol con fundas
Estoxo

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Motivaremos ao alumnado para que a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe sexa significativa, procurando que os recursos empregados posibiliten a súa

aprendizaxe utilizando ferramentas e materiais novedosos.

A aula, é espaciosa, para a danza e as actividades que impliquen movemento, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, o ordenador de aula conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altosfalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva. Contamos con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

O alumnado terá o seu material na titoría.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial na etapa de educación primaria realizarase en consonancia co establecido no artigo 12 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O equipo docente do grupo realizará unha sesión de avaliación inicial para analizar os datos e a información obtida durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, así como outra información relevante da que se dispoña, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo. Esta avaliación inicial en ningún caso implicará cualificación para o alumnado.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas dúas primeiras sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular.

<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
4	A ORQUESTRA	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	PE	70
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas dos medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	TI	30
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Profesiões vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración.
- A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros.
- A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Aproximación aos principais xéneros musicais.
- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación, improvisación e composición con pautas guiadas a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical.
- Aplicacións informáticas de gravación, edición de audio e edición de partituras: utilización guiada na audición, coñecemento, interpretación, gravación, reprodución, improvisación e creación de obras diversas.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias de recepción activa.
- Profesiões vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración.

UD	Título da UD	Duración
5	BALLET	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distinguir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	PE	40
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.		
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas musicais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico destas.	Describir manifestacións culturais e artísticas musicais,		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.		
CA1.5 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas		
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	TI	60
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais,		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas musicais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades		
CA3.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas de respecto de comportamento e mostrando unha actitude positiva.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Profesións vinculadas á creación e interpretación musical. Coñecemento e valoración. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Aproximación aos principais xéneros musicais. - Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons: respecto ás licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. Plaxio e dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias de recepción activa. - Manifestacións vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Coñecemento e valoración. - Elementos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. Teatralidade. Estrutura dramática básica. - Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. - Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
6	RESUMINDO	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	idem	PE	40
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	idem		
CA2.3 - Utilizar elementos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais vocais e instrumentais sinxelas a través da vivencia destes.	idem		
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	idem	TI	60
CA2.6 - Compartir os proxectos creativos musicais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	idem		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	idem		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	idem		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	idem		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	idem		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A voz e os instrumentos musicais. Familias e agrupacións máis representativas. Clasificación e comprensión da natureza da produción sonora en cada tipo. Identificación visual e auditiva. Instrumentos tradicionais na música galega. Instrumentos dixitais. Aproximación a instrumentos non convencionais e exóticos. Instrumentos caseiros. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación e descrición. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario, ternario e cuaternario. Introducción ao concepto de subdivisión. - A melodía e a forma musical. Repetición e variación melódica. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos fundamentais na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. O silencio como elemento fundamental da música: utilización adecuada na interpretación musical. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Estratexias de recepción activa. - Vocabulario específico das artes escénicas e performativas. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. Gozar como forma de interacción social, recurso expresivo e emotivo e deleite estético. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tal e como se recolle no anteproxecto do decreto do currículo

O uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.

O emprego de didácticas específicas da ensinanza da música e do movemento (Orff-Schulwerk, Curwen, Ward, Dalcroze, Kodály, Chevais, Willems, Martenot etc.) que axuden a potenciar no alumnado as diferentes habilidades de percepción, análise, creación e expresión musicais e do movemento. Estas metodoloxías pódense empregar dun xeito ecléctico co fin de adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

A vivencia dos elementos da linguaxe musical e do movemento como paso necesario para a súa correcta comprensión e adquisición.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentación Orff, frautas
Musicogramas
Portátiles do alumnado cos programas audacity e musescore
Ordenador, Pantalla e proxector
Aula espaciosa para realizar agrupacións diferentes e danzas
Carpeta de fundas e cuaderno pautado

Instrumentos de pequena percusión de altura indeterminada e de altura determinada.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase mediante un cuestionario sobre linguaxe musical e unha interpretación rítmica

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	15	20	30	100
Proba escrita	60	50	50	70	40	40	49
Táboa de indicadores	40	50	50	30	60	60	51

Criterios de cualificación:

Deberán aprobarse as probas escritas, realizando 1 en cada unidade así como superar positivamente as táboas de indicadores.

Criterios de recuperación:

A unidade 6 "Repasamos" servirá de recuperación para aqueles contidos non superados.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - PDI "O BOSQUE DOS CONTOS"	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Conmemoracións Nadal, Día da Paz, Día de Rosalía, Entroido, Letras Galegas	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Plan lector		X			X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico	Intentaremos asistir a un concerto didáctico		X	
Danzas gremiais	Asistencia á representación das danzas gremiais do noso pobo			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O alumnado participa e disfruta nas actividades propostas
O alumnado respeta e valora as actividades propostas
O alumnado interioriza os contidos propostos
As probas escritas recollen os contidos de cada unidade avaliábeis mediante este recurso
Os resultados das probas escritas son positivos

Descrición:

Se estes indicadores de logro son positivos estaremos indo polo bo camiño, en caso contrario debería variarse algún parámetro do proceso de ensino aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

En cada unidade valoraremos segundo os resultados das probas tanto escritas como as propias producións do alumnado. Intentando mellorar sempre e profundizar máis naqueles ámbitos que o precisen.

Cada certo tempo pasaremos unha enquisa sinxela ao alumnado no que podan propoñer que actividades lles gustan máis e cales menos e o porqué.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	6
6. Medidas de atención á diversidade	7
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	8
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	8
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	9
9. Outros apartados	9

1. Introducción

A programación do Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As programación do Proxecto Competencial configurarase como un traballo de colaboración cos diferentes proxectos que se desenvolven no centro educativo, no que se deseñarán actividades que reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinade e a conexión entre os diferentes saberes.

Esta programación consta de tres unidades didácticas. O propósito da primeira unidade didáctica é que cada alumna e cada alumno adquiera as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización de proxectos ou a resolución de problemas. Na segunda unidade, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas, resolver os problemas ou executar os proxectos planificados. Na terceira unidade didáctica, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado.

Desta maneira, a través da realización dun proxecto significativo e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Detectives en acción	Búsqueda de información.	20	10	X		
2	Construtores en acción	Elaboración do produto final.	30	15		X	
3	Presentadores en acción	Presentación do produto final.	50	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Detectives en acción	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñer os aspectos importantes da temática que se vai traballar.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Construtores en acción	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Presentadores en acción	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a o proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo cada aula do nivel levará a cabo un proxecto do seu interese.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as demais áreas do currículo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador do alumnado
Ordenador de aula
Encerado dixital interactivo
Biblioteca
Material funxible do alumnado
Encerado tradicional

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. En ocasión realizaranse as tarefas na biblioteca do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A cualificación calcularase tendo en conta o grao de adquisición dos diferetes criterios de avaliación recollidos nos apartados anteriores.

Para calcular a cualificación de cada unha das avaliacións terase en conta os seguintes criterios:

- Traballo diario: 70% da cualificación.
- Actitude: 30% da cualificación.

Defínese actitude do alumno como a súa predisposición e actitude diante do traballo, non o seu comportamento; así, rexistraranse os controis con preguntas en branco, as tarefas incompletas, os traballos con mala presentación, sucios ou pouco elaborados para penalizar a parte correspondente deste aspecto. Entenderase que ante unha actitude fraudulenta, (copiar, coñecer previamente un examen, acceso a contas de outros usuarios...), a nota nese apartado será de cero, facendo media co resto das puntuacións obtidas noutros apartados computables na nota trimestral. Nas probas orais ou escritas, (cando menos 2 por trimestre, menos en sociais e naturais que será unha), avisarase que parte da cualificación corresponde a cada aspecto ou apartado avaliable: presentación, ortografía, preguntas en branco, puntuación de cada ítem.

Para calcular a cualificación final teranse en conta os seguintes criterios:

- Cualificación da primeira avaliación: 20%
- Cualificación da segunda avaliación: 30%
- Cualificación da terceira avaliación: 50%

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopebre adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos de materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións e festivais	Permitirán dar a coñecer algún elemento do proxecto.			
Feira de presentación	Dará a coñecer ao resto da comunidade educativa o proxecto final			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado

Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e das familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor/a, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	26

1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 5º de E. Primaria do CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe. Dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a

promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expóñense cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropológico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3	2		1-4	1-2-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecéndoa nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1	2			1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Fai o ben	Traballaremos a Creación desde a perspectiva dun mundo en igualdade de condicións para todos e todas, onde prime o respecto polas persoas como dereito	6	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Fai o ben	fundamental do ser humano, que fomos creados a imaxe e semellanza de Deus	6	5	X		
2	Deus da	Participamos en accións solidarias e de servizo á comunidade. Valor de responsabilidade en igualdade Personaxes amigos de Deus	7	5	X		
3	Chega o Nadal	O nacemento de Xesús alegra o corazón das persoas. Os reis Magos. A riqueza cultural do Nadal Elaboración de manualidades propias destas datas (Belen) Panxoliña para agasallar na nosa visita ao xeriátrico	7	6	X		
4	Unha gran casa, pasa e participa	Lazos de amor Compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza	15	5		X	
5	Quen é Xesus?	A riqueza das obras de misericordia. Xesús: Mandamento do Amor A beleza do perdón Busca do tesouro. Xogo no patio para preparar a Semana Santa e a Pascua	15	5		X	
6	A Biblia.	A/s igrexa/s e a Biblia, expresión da riqueza cultural do cristián. Interculturalidade. Reflexionamos sobre o principio de ética cristiá na contorna social e virtual Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza	25	5			X
7	Eu son a resurrección e a vida	Unidos a Deus celebramos a Vida cos Sacramentos Finaliza o curso, expresión de alegría coas festas e os amig@s!	25	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Fai o ben	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar e seleccionar información con seguridade sobre o medio natural e social, adecuada ás investigacións.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostrar interese pola conservación do patrimonio a través de propostas comprometidas.		
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Presentar curiosidade por coñecer o medio natural, social e cultural.	TI	10
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar o proceso científico na procura de coñecementos coa guía necesaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora. - Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna.

UD	Título da UD	Duración
8	A IDADE CONTEMPORÁNEA: O NOSO TEMPO	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo.	PE	90
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar e seleccionar información con seguridade sobre o medio natural e social, adecuada ás investigacións.		
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analizar a relación entre as distintas etapas históricas, situándoas no eixo cronolóxico.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais e formas de vida dende a Idade Media ata agora, incorporando perspectiva de xénero.	TI	10
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Presentar curiosidade por coñecer o medio natural, social e cultural.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar o proceso científico na procura de coñecementos coa guía necesaria.		
CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.
- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario.
- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.
- A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico.
- Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos.
- Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos.
- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.
- As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en España e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual.

UD	Título da UD	Duración
9	O PATRIMONIO. A NOSA RIQUEZA	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar recursos dixitais de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo.	PE	90
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar e seleccionar información con seguridade sobre o medio natural e social, adecuada ás investigacións.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Mostrar interese pola conservación do patrimonio a través de propostas comprometidas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Presentar curiosidade por coñecer o medio natural, social e cultural.	TI	10
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar o proceso científico na procura de coñecementos coa guía necesaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora. - Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico. - Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos. - O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O alumnado de terceiro ciclo de primaria e o de 6º, en particular, deben continuar adquirindo coñecementos, destrezas e actitudes de maneira significativa, baseadas na indagación. A cultura científica desenvolve pensamentos críticos, capaces de chegar a un respecto e compromiso co medio no que vive de forma consciente. O traballo en equipo e o uso seguro dos medios dixitais favorecerán a súa competencia e seguridade na busca, a análise e exposición da información necesaria de forma adecuada. A resolución de problemas de maneira interdisciplinar completará o proceso que se espera sexan quen de acadar durante este curso.

Propoñemos unha proposta metodolóxica que permita todo o anteriormente exposto: desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas con proxectos, uso dos medios dixitais, traballo individual, por parellas e en equipo...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Os recursos máis achegados da contorna e aqueles que nos faciliten entidades e organizacións para coñecer calquera aspecto relacionado cos centros de interés traballados: Centros de produción de enerxía renovable, espazos naturais protexidos, porto de Coruña, edificios históricos,...

Empregaremos como materiais o libro dixital como guía (Edixgal), dispositivos informáticos individuais, pantalla,

material visual e didáctico tradicional: planos, mapas, globos,

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará as dúas primeiras semanas lectivas do curso (4 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información , podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás caracterísitcas do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	7	7	10	10	10	20	20	10	100
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Tamén, empregaremos as diferentes probas escritas (test, preguntas abertas, resposta curta...) ao remate de cada UD.

Defínese actitude do alumno como a súa predisposición e actitude diante do traballo, non o seu comportamento; así, rexistraranse os controis con preguntas en branco, as tarefas incompletas, os traballos con mala presentación, sucios ou pouco elaborados para penalizar a parte correspondente deste aspecto. Entenderase que ante unha actitude fraudulenta, (copiar, coñecer previamente un examen, acceso a contas de outros usuarios...), a nota nese apartado será de cero, facendo media co resto das puntuacións obtidas noutros apartados computables na nota trimestral.

Nas probas orais ou escritas, (cando menos 2 por trimestre, menos en sociais e naturais que será unha), avisarase que parte da cualificación corresponde a cada aspecto ou apartado avaliable: presentación, ortografía, preguntas en branco, puntuación de cada ítem.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

A cualificación da avaliación ordinaria obterase co 20 % da cualificación do 1º trimestre, o 30% do segundo e o 50% do terceiro, tal e como resulta coa ponderación da totalidade de unidades didácticas previstas para o curso.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. Se na nosa aula dispoñemos de alumnado repetidor/a de curso, aplicaremos un plan específico de reforzo, deseñado en conxunto co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Creatividade, espírito científico e emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Orientación educativa, acción titorial e educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da convivencia pacífica e a resolución de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respecto pola igualdade sexual e non discriminación por orientación sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Respecto e compromiso de protección do medio natural, social e cultural.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión e expresión oral e escrita.	X
ET.2 - Comunicación audiovisual.	X
ET.3 - Competencia dixital.	X
ET.4 - Creatividade, espírito científico e emprendemento.	X
ET.5 - Orientación educativa, acción titorial e educación emocional.	X
ET.6 - Fomento da convivencia pacífica e a resolución de conflitos.	X
ET.7 - Respecto pola igualdade sexual e non discriminación por orientación sexual.	X
ET.8 - Respecto e compromiso de protección do medio natural, social e cultural.	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita á fraga de Cecebre, a casa de Wenceslao Fernández Flórez	Coñecemento do medio natural da fraga e do cultural da casa de nacemento do escritor.	X		
Visita ao porto e o Castelo de San Antón en Coruña	Coñecemento de patrimonio histórico e funcionamento comercial do porto.		X	
Visita á igrexa de Sta María do Azogue e CIEC (casa Núñez)	Coñecemento de patrimonio histórico e artístico da contorna.		X	
Visita ao centro eólico de Sotavanto	Coñecemento da produción ds enerxías renovables e dunha casa bioclimática.			X
Saída aos Caneiros	Coñecemento de áreas protexidas da contorna.			X

Observacións:

Ademias, durante este curso realizaranse actividades complementarias relacionadas coas conmemoracións previstas: Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Muller, día da Discapacidade, Día da Paz e da non violencia, Día da Letras Galegas, Campaña LGTBI,...que compartiremos co resto do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado foi quen de seguir a programación prevista?
Metodoloxía empregada
Empregáronse estratexias pedagóxicas adecuadas á diversidade do alumnado?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Realizouse un óptimo aproveitamento dos recursos e da organización da aula?
Medidas de atención á diversidade
Que medidas se tomaron co alumnado con necesidade de atención individualizada?
Clima de traballo na aula
Favoreceuse un clima adecuado na aula?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación co resto do profesorado e coas familias foi: mala, satisfactoria, boa, moi boa.

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Distinguiremos dous momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a UD e ao remate da mesma. Estes dous momentos, teñen a finalidade de obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de UD...).

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación en valores cívicos e éticos	6º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A materia de Valores éticos e cívicos é unha materia de tremenda importancia para poder cumprir cos obxectivos do curriculum.

Nesta materia axúdase a garantir o dereito universal dos nenos e nenas a recibir unha educación primaria que lles permita desenvolver ao máximo as súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e liberdade fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerantes ante as dificultades.

Ao mesmo tempo reforma a preparación das persoas para actuar como cidadanía participativa e crítica implicándose na mellora de cohesión, defensa e desenvolvemento da sociedade democrática.

Esta materia responde á preocupación por mellorar a calidade da educación de todo o alumnado fomentando o desenvolvemento de procesos educativos que potencia a participación individual para lograr fins colectivos.

Os criterios de avaliación e contidos distribúense en tres bloques,

1. Autoconñecemento e autonomía moral
2. Sociedade , xustiza e democracia
3. Desenvolvemento sostible e ética ambiental.

Nos tres bloques preténdese facer un percorrido dende a propia persoa e a súa autonomía, saber seguidamente o papel que cumpre na sociedade, e a súa responsabilidade para cos demais e para rematar, a responsabilidade ética e moral que temos de cara o mundo, ao demais seres vivos e ao noso planeta. Todo isto fundamenta as bases dos retos do século XXI.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deliberar e argumentar sobre problemas de carácter ético referidos a si mesmo e á súa contorna, buscando e analizando información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconñecemento e a autonomía moral.	1-3			4	4-5	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, recoñecendo a súa importancia para a vida individual e colectiva e aplicándoos de maneira efectiva e argumentada en distintos contextos, para promover unha convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica.	5	3			3-4	1-2-3		1
OBX3 - Comprender as relacións sistémicas entre o individuo, a sociedade e a natureza, a través do coñecemento e da reflexión sobre os problemas ecosociais, para comprometerse activamente con valores e prácticas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas e do planeta.	2-5		1-5		2	3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Desenvolver a autoestima e a empatía coa contorna, identificando, xestionando e expresando emocións e sentimentos propios, e recoñecendo e valorando os dos outros, para adoptar unha actitude fundada no coidado e no aprecio de si mesmo, dos demais e do resto da natureza.	1-5				1-2-3	2-3-4	3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	QUEN SON EU?	Como se define a persoa, construción dun autoconceito axeitado de nós mesmas	16	5	X		
2	COMO DEBO ACTUAR?	Que nos move a actuar, como facelo de xeito responsable e autónomo, as normas que guían as nosas accións.	17	6	X		
3	EU COMO SER HUMANO SOCIAL E DEMOCRÁTICO	Fundamentos da vida en sociedade: familia, amor, convivencia democrática con xustiza e paz.	17	6		X	
4	TODOS AS PERSOAS SOMOS IGUAIS	A corresponsabilidade entre todas as persoas sen exclusión de xénero, raza, etnia, procedencia. Respecto da diversidade.	17	6		X	
5	TODOS OS SERES VIVOS MERECEMOS RESPECTO	Actitude respectuosa coa biodiversidade, animais e demais seres vivos.	16	6			X
6	E EU, COMO PODO AXUDAR AO PLANETA?	A ecodependencia, valores e hábitos a desenvolver para habitar nun planeta xusto e sustentable	17	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	QUEN SON EU?	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír un adecuado concepto de si mesmo ou si mesma en relación cos demais e coa natureza, organizando e xerando, de forma segura e crítica, información analóxica e dixital acerca dos trazos relativos á identidade, diferenza e dignidade das persoas.	É capaz de definirse de xeito escrito diferenciando os conceptos de identidade, diferenza e dignidade	PE	60
CA1.3 - Xerar unha posición moral autónoma mediante o exercicio da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso con outros arredor dos distintos valores e modos de vida, así como dos problemas relacionados co uso responsable, seguro e crítico das redes e medios de comunicación, das condutas adictivas, da prevención do abuso e do acoso escolar e do respecto á intimidade persoal.	É capaz de resolver por escrito un dilema moral de xeito argumentado e respectuoso		
CA1.2 - Identificar e expresar emocións, afectos e desexos, mostrando confianza nas propias capacidades ao servizo da consecución motivada de fins persoais e colectivos.	Expresa oralmente de xeito correcto as súas emocións, afectos e desexos.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza dos seres humanos: - A igualdade en dignidade de todos os seres humanos. - As diferenzas entre os humanos: unicidade e irrepitibilidade dos individuos. - As características que definen a persoa: - Ser natural, ser vivo, ser animal. - Ser social. Vivir con outros e depender dos outros para vivir. - Actuar libremente, movidos por desexos, emocións e sentimentos e pola razón. - A identidade persoal: os papeis da natureza e da crianza na constitución do ser humano. - A educación das emocións e dos sentimentos: - A autoestima persoal. - O autocontrol. A xestión dos sentimentos. - A educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
2	COMO DEBO ACTUAR?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de intervir oralmente, recolle ideas e apreciacións do resto de compañeiros e compañeras da aula valorándoas por escrito.	PE	60
CA1.4 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Participa canto menos unha vez nos debates na aula adoptando unha actitude respectuosa e dialogada	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proxecto persoal: o modelo de vida que orienta as accións: - A autonomía da vontade. - A responsabilidade sobre as accións propias. - O recoñecemento da diversidade de valores, fins e modelos de vida e o respecto aos proxectos persoais dos outros. - A ética como guía das accións: - Normas e xuízos morais. Os valores e o valioso. - A polaridade dos valores: virtudes e defectos. - O pensamento crítico e ético en acción: - Os perigos para a autonomía e o proxecto persoal. Os medios de comunicación, as redes sociais, a publicidade e o consumismo. As condutas adictivas. - O respecto aos outros. O rexeitamento dos casos de abuso, ciberacoso, marxinação e exclusión. - Os riscos das tecnoloxías da información e da comunicación. Condutas responsables fronte aos malos usos dos distintos aparatos electrónicos. - O debate sobre os límites da liberdade de expresión.

UD	Título da UD	Duración
3	EU COMO SER HUMANO SOCIAL E DEMOCRÁTICO	6

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Reflexionar e asumir un compromiso activo e crítico con valores relativos á solidariedade e ao respecto ás minorías e ás identidades etnoculturais e de xénero, analizando desde un punto de vista ético cuestións relacionadas coa desigualdade e coa pobreza, co feito multicultural, coa diversidade humana e cos fenómenos migratorios.	Elabora un traballo escrito sobre as minoría e propón alo menos dúas solucións de mellora para a súas dificultades.	PE	60
CA2.1 - Promover e amosar un xeito de convivencia democrática, xusta, inclusiva, respectuosa e pacífica, a partir da investigación e da comprensión da natureza social e política do ser humano e mediante o uso crítico dos conceptos de «lei», «ética», «civismo», «democracia», «xustiza» e «paz».	Investiga e fai unha redacción acerca do que significa ser un ser social por natureza, empregando alo menos dous dos conceptos propostos.	TI	40
CA2.2 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento, dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Explica coas súas palabras os dereitos humanos fundamentais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como ser social por natureza: - Fundamentos da vida en sociedade. A familia. A amizade e o amor. A empatía cos demais. - A conduta cívica: respectar as regras de convivencia. A diferenza entre as normas morais e as normas legais. - A democracia como mellor modo de convivencia: - Principios e valores constitucionais e democráticos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia. - O diálogo e a argumentación na toma de decisións en común e a resolución pacífica de conflitos. - O problema da consecución da xustiza na democracia. - A cultura da paz e da non violencia: - O papel do Estado na consecución da paz, da seguridade e da cooperación internacional e o papel das ONG e ONGD. - O valor da defensa e da protección civil e a colaboración cidadá na seguridade integral dos cidadáns.

UD	Título da UD	Duración
4	TODOS AS PERSOAS SOMOS IGUAIS	6

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Contribuír a xerar unha convivencia respectuosa, non sexista e comprometida co logro da igualdade e a corresponsabilidade efectivas e coa erradicación da violencia de xénero, a partir do coñecemento e da análise crítica da situación secular de desigualdade entre mulleres e homes.	Escrebe unha lista de comportamentos rexeitables coa diversidade recoñecendoos no seu entorno e propón solución para cada un deles.	PE	60
CA2.5 - Comprender e valorar os principios de xustiza, solidariedade, seguridade e paz, á vez que o respecto ás liberdades básicas, a partir da análise e da ponderación das políticas e accións de axuda e cooperación internacional, de defensa para a paz e de seguridade integral cidadá, exercidas polo Estado e as súas institucións, os organismos internacionais, as ONG e ONGD e a propia cidadanía.	Coñece e describe as institucións e organizacións de cooperación nacional, local e internacional, dende as da súa vila, ata as mundiais. Elabora por escrito unha síntese da súa actividade		
CA2.6 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de debater é capaz de expresarse con respecto, argumentando de xeito crítico sobre cuestións éticas e cívicas.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O respecto dos dereitos humanos e os dereitos da infancia: - A pobreza e a explotación laboral e infantil. As súas causas e a procura de solucións globais e locais. - A igualdade e a corresponsabilidade entre mulleres e homes, a prevención dos abusos e a violencia contra as mulleres e a conduta non sexista. - O respecto da diversidade cultural e das tradicións: - A conquista da igualdade social de todos os cidadáns sen depender da súa orixe étnico-cultural. - O respecto da orientación sexual e da identidade de xénero. A prevención da LGTBIQ+-fobia.

UD	Título da UD	Duración
5	TODOS OS SERES VIVOS MERECEMOS RESPECTO	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interactuar cos outros adoptando, de forma motivada e autónoma, condutas cívicas e éticas orientadas polos valores comúns, a partir do coñecemento dos dereitos humanos e dos principios constitucionais fundamentais, en relación con contextos e problemas concretos, así como por unha consideración crítica e dialogada sobre como debemos relacionarnos cos demais.	Traballo en grupo exemplificando conductas incívicas e explicando os dereitos humanos e principios constitucionais fundamentais.	PE	60
CA3.2 - Avaliar diferentes alternativas coas que frear o cambio climático e acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible, identificando causas e problemas ecosociais e xustificando argumentalmente, e de modo crítico, o deber ético de protexer e coidar a natureza.	Avalía 4 alternativas posibles para frear o cambio climático dende a nosa práctica individual.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza humana e natureza animal: - Relacións e condutas afectivas e respectuosas cara aos demais seres vivos fundamentadas en valores comúns e democráticos. - Actitude humana e respectuosa coa biodiversidade. - A ecodependencia, a empatía e o deber. As posibles consecuencias dunha mala praxe: - As ameazas ao medio ambiente: o cambio climático, a deforestación, a desertización, a polución e a contaminación, a perda de biodiversidade. O exemplo da capa de ozono.

UD	Título da UD	Duración
6	E EU, COMO PODO AXUDAR AO PLANETA?	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprometerse activamente con valores, prácticas e actitudes afectivas consecuentes co respecto, coidado e protección das persoas, dos animais e do planeta, a través da participación en actividades que promovan un consumo responsable e un uso sostible do chan, do aire, da auga, da enerxía, da mobilidade segura, saudable e sostible e da prevención e xestión de residuos, recoñecendo o papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna.	Traballo grupal sobre a protección e coidado dos animais e demais seres do planeta.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Xestionar equilibradamente pensamentos, sentimentos e emocións e desenvolver unha actitude de estima e coidado de si mesmo ou si mesma, dos demais e da contorna, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e afectos e recoñecendo e valorando os doutras persoas, en distintos contextos e en relación con actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	É capaz de expresarse de xeito crítico a nivel individual e considerar nas súas intervencións as aportacións dos seus compañeiros e compañeiras	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética, a política e a xustiza nun planeta habitable: - O ser humano como animal político na natureza: dereitos humanos da solidariedade e comportamentos éticos cara aos animais. O rexeitamento e a prevención do maltrato animal. - O ser humano como un ser ético no planeta: o deber en relación co resto dos seres vivos. - Prácticas responsables: valores, hábitos e actividades para o desenvolvemento racional e sostible: - O papel das persoas, colectivos e entidades comprometidas coa protección da contorna. - O uso sostible da enerxía, a produción racional de bens de consumo e a xestión dos residuos. - A actitude crítica ante a contaminación e a perda de biodiversidade. - A actitude responsable respecto do coidado dos animais, da valoración da auga, do aire, do chan e dos bosques e da protección do planeta.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos, características do alumnado serán tidas en conta e axustarán a programación coa finalidade de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado. Enfocarase á realización de tarefas ou situacións-problema, plantexadas con obxectivos concretos, que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecemento, destrezas, actitudes e valores, debendo ter en conta sempre a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

É preciso secuenciar a ensinanza de tal xeito que se parte de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos.

Un dos elementos fundamentais destas concrecións metodolóxicas será espertar e manter a motivación cara o aprendizaxe do alumnado, propiciando que o seu papel sexa activo e autónomo, consciente de ser responsable da súa aprendizaxe.

Con este propósito é preciso que o profesorado procure todo tipo de axudas para que o alumnado comprenda o que aprende, saiba para que o aprende e sexa capaz de usar o aprendido en contextos dentro e fóra da aula.

Principios metodolóxicos xerais:

- Aprendizaxes significativas: Todo novo coñecemento partirá das experiencias previas do/a alumno/a, converténdose este en axente activo da súa propia aprendizaxe.
- Individualización: As ensinanzas adaptaranse ás diferenzas individuais dos/as alumnos/as.
- Actividade: O/A alumno/a buscará as relacións significativas entre o que sabe e as novas aprendizaxes, é dicir, que aprenda a aprender.
- Motivación: Utilizaremos contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando, favorecendo así o seu interese.

- **Afectividade:** Todo isto realizarémolo nun clima escolar adecuado que proporcione ao/á alumno/a: benestar, seguridade e confianza.

O noso papel, como mestres/as, será o de guía e mediador/a para facilitar a construción de aprendizaxes os/as nosos/as alumnos/as.

As estratexias metodolóxicas que se levarán a cabo serán as seguintes:

- Plantexamento de diferentes situacións de aprendizaxe que permitan ao alumnado desenvolver distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, recoñecer, localizar, resolver.
- Potenciar no alumnado a autonomía, creatividade, reflexión e espírito crítico
- Empregar distintas fontes de información, diversificar materiais e recursos didácticos
- Potenciar o traballo colaborativo, a aceptación mutua e empatía como elementos que enriquecen a aprendizaxe entre iguais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Apuntamentos ou fichas elaboradas polo profesorado
Presentacións multimedia
Eva edixgal
Portatil e encerado dixital

Cada un destes recursos poderá ser empregado para desenvolver a materia ao longo do curso, sempre tendo en conta a posibilidade de adaptación dos recursos a todo o alumnado de aula, flexibilizando sempre en tempo ou na mesma escolla dos recursos no caso de precisar aplicar varios diferentes na mesma sesión.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso avaliarase mediante actividades o nivel de coñecementos previos do alumnado (setembro) para observar o grao de comprensión lectora, análise e resolución de problemas, así como o grao de coñecementos previos que teñen da materia.

Como mínimo debemos coñecerse a seguinte información relativa ao grupo de alumnos/as:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar no nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Para levar a cabo esta avaliación inicial realizaranse: probas escritas, exposicións orais, traballos, observación do traballo na aula, participación en debates,...

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos alumnos/as; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou individualización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (débase ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requira atención específica por estaren en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- Saber as medidas organizativas que cómpre adoptar (planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que cómpre adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	17	16	17	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

A avaliación será continua.

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta os seguintes criterios:

- 60% Probas escritas.
- 40% Traballo observable.

A cualificación da avaliación ordinaria da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: $20\% 1^{\text{a}}\text{AV} + 30\% 2^{\text{a}}\text{AV} + 50\% 3^{\text{a}}\text{AV}$.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación:

- Realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Con respecto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta as ordinarias: adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Levaranse a cabo reforzos educativos por parte do profesorado que imparte a materia e con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria.

Entre as medidas extraordinarias temos: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que non poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa

domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudo e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas, resumos, etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias relacionadas directamente co currículo e que vimos de expoñer na programación baseadas na colaboración con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro).

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades:: Plans Proxecta+, Voz Natura, ...

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectura, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde e afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais trabállanse de xeito completo ao longo de todas as unidades na materia de valores, de feito coinciden cos obxectivos da materia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas pola contorna.	Protección o coidado do medio.	X	X	X
PdI do centro	Protección e coidado dos bosques.	X	X	X
Voz Natura	Actividades vinculadas ao coidado do medio-ambiente.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
<ul style="list-style-type: none"> - ortográficas e de puntuación. - Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
12	Sentido del humor	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Resume correctamente textos adaptados á súa idade.	PE	90
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Expresa valoración persoal sobre un texto escrito a proposta da mestra/e		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica palabras clave e idea central nun texto breve.		
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Resume textos multimodais, nos que inclúe a información aportada por elementos paratextuais.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escribe diferentes tipos de texto con claridade, vocabulario preciso e non repetitivo.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora documentos dixitais con redacción correcta e deseño axeitado, integrando correctamente imaxes.		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado. Interesarse por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.	Localiza información necesaria na biblioteca e en internet para documentarse sobre diferentes temáticas traballadas na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.10 - Construír, a través da linguaxe, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos.	Valora as cualidades dos demais fóra de prexuízos de calquera condición nos textos escritos.		
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Elabora un texto orixinal a partir de dúas ou máis fontes, citándoas.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	Realiza a presentación dun texto multimodal elaborado previamente, argumentando con corrección, con apoio dos elementos paratextuais.		
CA5.6 - escoitar e ler textos literarios adecuados á súa idade, que recollan diversidade de autores e autoras, relacionándoos en función dos temas e de aspectos elementais de cada xénero literario, e interpretándoos, valorándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas ou culturais de maneira progresivamente autónoma.	Recoñece a mensaxe e a intención en diferentes textos literarios.		
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redacta un texto con intención literaria, cunha estrutura completa.		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Recoñece textos literarios de tradición oral pola súa tipoloxía, e crea novos a partir de modelos.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Redacta con corrección o resumo dunha conversa mantida cos compañeiros e compañeiras.		
CA6.2 - Producir textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos de diferente tipoloxía con estrutura, ortografía e vocabulario correctos.		
CA6.3 - Establecer xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua de maneira progresivamente autónoma, formulando hipótese e buscando contraexemplos, a partir da observación, comparación e transformación de palabras, enunciados e textos, nun proceso de produción ou comprensión de textos en contextos significativos.	Reelabora un texto proposto, de maneira que modifique as características, utilice novas palabras, e acade un resultado orixinal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e alleos e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira progresivamente autónoma, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía básica adecuada.	Reelabora textos de propia creación anterior, con mellora na súa claridade e riqueza de vocabulario.		
CA6.5 - Mellorar os textos propios e alleos na súa comprensión mediante o uso autónomo de dicionarios impresos ou dixitais.	Reelabora para facer máis comprensible, e con axuda de dicionario, textos propostos, extraídos de informacións de carácter técnico.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escribe textos empregando correctamente o LL e o Y. Identifica os conectores textuais.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora textos lidos previamente cun vocabulario propio, de maneira axeitada.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias básicas para a escoita activa, a comunicación asertiva e a deliberación argumentada, progresando na xestión dialogada de conflitos, propondo solucións creativas.	Demostra capacidade de consensuar solucións en situacións de conflito.	TI	10
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade.		
CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.	Amosa lectura fluída en textos literarios de calquera xénero.		
CA3.11 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión individual e grupal sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Identifica situacións de prexuízos e discriminación dende a perspectiva de xénero.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas do seu funcionamento.	Coñece a nomenclatura das temáticas, así como a súa ubicación e organización dos libros nos estantes para buscalos con facilidade na biblioteca.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable no uso das tecnoloxías dixitais da información e comunicación para a procura e tratamento da información de modo eficiente e responsable.	Recoñece e utiliza recursos de internet seguros para a procura de información, e aplica medidas básicas de seguridade para protexer a súa privacidade..		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma textos de diversas fontes, compartindo a experiencia da lectura, avanzando na construción da súa identidade lectora e participando en comunidades lectoras no ámbito escolar.	Amosa continuidade de lectura de textos nos momentos lectores.		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura participando, de forma autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comparte e matiza opinións persoais nos debates literarios		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Utilizar, con certa autonomía, as bibliotecas da aula, do centro e as virtuais, como escenario de actividades literarias compartidas.	Participa activamente da hora de ler na clase.		
CA5.5 - Incorporar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar, valorando a súa diversidade.	Participa activamente en lecturas expresivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos: interacción oral - Estratexias de escoita activa, asertividade e proposta de solución creativa para a resolución dialogada de conflitos, utilizando unha linguaxe oral non discriminatoria, con propostas propias e tendo en conta a perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Estratexias elementais para a coherencia, cohesión e adecuación dos textos escritos. - Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz. - Construción do pensamento crítico a través da lingua para evitar a discriminación. - Procesos: comprensión lectora - Lectura compartida e expresiva con entoación e ritmo fluídos. - Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos. - Elementos gráficos, textuais e paratextuais relativamente complexos que favorecen a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos. - Valoración da lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. - Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) desenvolvendo unha valoración crítica destes. - Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer. - Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa

Contidos

- produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e virtuais.
- Estratexias para detectar usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica en textos escritos.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, e revisión e autocorrección.
- Elementos gráficos e paratextuais que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Comunicación creativa do coñecemento, con recoñecemento da autoría e respecto pola propiedade intelectual.
- Utilización autónoma da biblioteca e os recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen a identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas e de experiencias de gozo de persoal.
- Lectura expresiva, dramatización o interpretación de fragmentos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Análise da relación entre os elementos básicos da obra literaria (tema, protagonista, personaxes, trama, escenario) e a construción do sentido da obra.
- Creación de textos literarios de maneira libre e con progresiva complexidade (léxico, estruturas, sentido estético) e a partir da apropiación e explotación dos modelos dados.
- Identificación de recursos literarios.
- Recoñecemento e elaboración guiada de textos literarios en prosa ou en verso (contos, lendas, poemas, adiviñas,

Contidos

- cancións e teatro), valorando o sentido estético e a creatividade. Distinción entre os diferentes subxéneros. Coñecemento de lendas galegas, españolas e doutros países.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Estratexias para a construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico a través da observación, transformación de enunciados (substitución, inserción, supresión, cambio de orde, manipulación), formulación e comprobación de hipóteses e contrastes con outras linguas.
- Estratexias para o establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais, prestando especial atención ao valor expresivo dos determinantes e ás relacións fundamentais entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple, a partir de metalinguaxe específica elemental.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos elementais para adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de revisión e modificación de textos para mellorar a súa comprensión a través do uso de recursos lingüísticos apropiados.
- Estratexias elementais para o uso autónomo de dicionarios, en distintos soportes.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario a través dos textos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Castelá e Literatura ten carácter esencialmente instrumental, co que xunto coa Lingua Galega e Literatura, así como na Lingua Inglesa, está presente noutras áreas curriculares. Isto dálle un carácter esencial na construción do pensamento e na transmisión de coñecemento.

Por este motivo, definimos unhas liñas metodolóxicas que favorezan o progreso do alumnado no último curso desta etapa educativa:

- Aprendizaxe cooperativa: o deseño de tarefas en grupo require comunicación entre iguais, escoita de ideas, aprendizaxe de normas de convivencia, etc. que potencian o desenvolvemento da linguaxe. Permite a cada individuo desenvolver as súas capacidades específicas.
- Aprendizaxe significativa: as propostas terán unha vinculación directa co alumnado de forma que sexa para eles algo vinculado coa súa realidade.
- Ensinanza individualizada: complementariamente ao traballo cooperativo, os docentes proporcionaremos tarefas e ensinanzas a cada un dos alumnos/as en función das súas capacidades e necesidades.
- Entorno multimedia: a linguaxe está presente en distintos formatos: directo, a través de material impreso, a través de medios electrónicos visuais e sonoros. Desenvolveranse destrezas de comunicación oral e escrita nestes distintos soportes de maneira equilibrada.
- Autoavaliativo: nas tarefas individuais, así como nas colectivas, será o propio alumno e alumna quen revise e avalíe a súa produción na busca de erros e de mellora comunicativa.

- **Progresividade e consolidación:** todo o aprendido en cada momento vai enriquecer o xa adquirido anteriormente. Deste xeito irán enriquecendo as capacidades comunicativas, e o desenvolvemento curricular no curso reforza e enriquece o adquirido no curso anterior.

Dentro destes principios, a tarefa docente irá encamiñada a conseguir dinámicas de traballo individual e colectivo que sexa efectiva, con hábitos que se deberán consolidar a partir do primeiro trimestre, e incorporando os coñecemento novos nos aspectos de reflexións sobre a lingua dunha maneira progresiva, como se desenvolve nas 12 unidades didácticas, e tendo en conta as diferentes capacidades, para o que os medios dixitais dispoñibles serán moi útiles.

Para desenvolver a alfabetización mediática e informacional, adicarase unha porcentaxe de tempo non inferior ao 25% á aprendizaxe e práctica de procura de información, de coñecemento da organización dos contidos (en biblioteca, en internet, en sitios web específicos...) no proceso de construción do coñecemento de forma activa por parte do alumnado.

Tamén será importante o tempo adicado á interpretación de documentos útiles para a vida: manuais, receitas, prospectos, formularios, e tamén ao mundo da información...

O acceso á literatura farase a través do fomento do hábito lector, para o que se conta co a hora de ler diaria. Utilizarase tamén o tirón da música actual, popular, etc. como vía de acceso ao mundo da poesía.

A exposición de ideas colectivas ou individuais requirirá un desenvolvemento competencial no manexo de ferramentas TIC que con texto, gráficos, imaxes, etc. conforma unha visión máis integral da realidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ultraportátiles de alumnado.
Portátil de aula, do profesor ou profesora, e PDI.
Espazo EVA Abalar, con recursos dispoñibles e elaborados.
Material funxible do alumnado: caderno, lápis, estoxo, goma...
Biblioteca do centro, cos seus fondos e recursos multimedia.
Radio escolar, aula multimedia, e salón de actos.
Fontes documentais de internet.

O alumnado traballará fundamentalmente co equipo dixital persoal. Utilizará cadernos e outro material para escritura manual como complemento ás ferramentas dixitais.

A disposición da aula facilitará a organización modular, en grupos flexibles de alumnado, favorecendo traballo en equipo, coa correspondente comunicación oral, dinámica cooperativa e reflexión grupal.

A plataforma EVA Edixgal será o instrumento principal de interacción e secuenciación de tarefas docente/discete, e servirá tamén como control avaliativo.

Haberá outros espazos do centro con uso regular, como son a biblioteca, a radio escolar ou o espazo para representacións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No comezo de curso, utilizando as primeiras sesións, realizarase unha avaliación inicial que servirá para actualizar a información sobre o seu grao de consecución de obxectivos do curso pasado. Esta avaliación inicial constará de:

- Exame do expediente de cada alumno/a, con especial atención no caso de alumnado de nova incorporación.
- Entrevista individual para observar o nivel de comprensión e expresión oral.
- Realización dun texto ditado manuscrito, para avaliar a súa concentración e corrección escrita, incluída a

ortográfica.

- Redación dun texto manuscrito para avaliar a súa capacidade, a correcta separación de palabras e utilización de elementos prosódicos. Avaliarase tamén a correcta ortografía.
 - Redación dun texto escrito dixital (en ordenador) para avaliar a súa competencia dixital neste medio que será o habitual no curso.
 - Valoración dun texto literario escrito, no que deberá definir o seu formato (prosa ou poesía), explicando as razóns, e expresando a idea principal do texto, así como algunha figura literaria empregada no mesmo.
- Con esta información definirase o punto de partida para cada alumno/a nas unidades didácticas programadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	5	8	8	8	8	12	12
Proba escrita	90	90	90	90	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	100
Proba escrita	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área en cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final ordinaria son os que se indican nas táboas anteriores.

Hai que ter en conta o indicado respecto das avaliacións parciais suspensas no apartado criterios de recuperación deste mesmo epígrafe.

En cada avaliación a porcentaxe da nota será a seguinte:

- 60% Probas Obxectivas (mínimo dúas por trimestre)
- 30% Tarefas diarias
- 10% Interacción na aula

Para a nota da Avaliación Ordinaria:

- 20% 1º Av.
- 30% 2º Av.
- 50% 3º Av.

Criterios de recuperación:

Dado que se trata dun currículo competencial e tendo en conta que os obxectivos de área se traballan en todas as avaliacións parciais, a recuperación se integrará na avaliación seguinte. Os instrumentos de avaliación empregados para avaliar os obxectivos de área a través dos criterios de avaliación suporán o emprego de contidos traballados nas avaliacións previas.

Asemade, se a valoración dos criterios de cualificación se basea en determinados instrumentos, a recuperación dos obxectivos de área non acadados será avaliado a través do mesmo tipo de instrumentos de avaliación usados na avaliación suspensa. No caso de alumnado con medidas de atención á diversidade, os instrumentos adaptaranse ás súas características.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade levaranse en coordinación entre o equipo docente do alumnado, o Departamento de Orientación e o Equipo Directivo. Para o tratamento da diversidade do alumnado no grupo teremos en conta:

- O reforzo educativo será impartido polo profesorado que imparte a materia no momento en que se detecten necesidades.
- Profesorado con dispoñibilidade horaria. Este aproveitarase para reforzar aspectos nos que presentan dificultades os alumnos e alumnas que así o evidenciaron na avaliación.
- O profesorado especialista de PT e/ou AL, de ser o caso e se así o determina o Departamento de Orientación.
- O modelo de traballo por equipos de maneira colaborativa permite asignar funcións acordes coas capacidades de cada quen, fomentando a formación entre iguais, pola que o alumnado máis capaz axude ao que amose dificultades.
- O entorno dixital no que nos desenvolvemos facilita que cada alumno ou alumna realice tarefas graduais e moduladas acorde ás súas capacidades, podendo ampliar coñecementos ou centrarse en aspectos máis puntuais. Nas sesións estaremos pendentes de asignar tarefas que consideremos realizables por cada alumno/a.
- Realizarase unha adaptación curricular significativa naqueles casos que as necesidades do alumnado así o requiran.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Emprendemento.	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz.	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible.	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.7 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.8 - Fomento da creatividade	X	X	X	X

Observacións:

A área de Lingua Castelá e Literatura integra todas as áreas do coñecemento e da relación social, xa que é vehículo de comunicación. Os elementos transversais impregnan a práctica totalidade das unidades didácticas, sendo máis patente no referido á igualdade de xénero ou na educación para a paz. Toda a acción educativa nesta área seguirá estes principios de igualdade, resolución dialogada de conflitos, xestión positiva das emocións, etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas a contorna	Actividades que fomentan o uso da linguaxe oral	X	X	X
Actividades da biblioteca	Actividades de realización do PDI	X	X	X
Plan Director	Actividades relacionadas coas novas tecnoloxías		X	
Biblioteca creativa	Actividades relacionadas coa radio escolar	X	X	X

Observacións:

Participaranse en todas as actividades complementarias ou extraescolares que promovan os diferentes equipos do centro en prol do uso da lingua. Ademais, celebraranse as conmemoracións reflectidas no calendario escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao mínimo de participación do alumnado nas actividades voluntarias (50%).
Nivel de satisfacción do alumnado coa práctica docente, empatía coa mestra ou mestre.
Metodoloxía empregada
Avaliación positiva do alumnado nunha porcentaxe superior ao 85%.
Nivel de intervención activa do alumnado en cada debate, cun mínimo do 85%.
Medidas de atención á diversidade
Integración nas actividades grupais da totalidade do alumnado.
Diversidade de propostas e tarefas para poder ter activa a totalidade do alumnado, en concordancia coa súa capacidade e potencialidade.
Integración do alumnado con NEAE nas actividades comúns, con ou sen apoios de profesorado complementario.
Clima de traballo na aula
Grao de motivación continuada do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Grao de coordinación entre as mestras/mestres do nivel.
Grao do coñecemento e participación das familias no proceso de aprendizaxe do alumno e da alumna.

Descrición:

O deseño das programacións deberá ter en conta o curriculum LOMLOE da área, así como todas as circunstancias específicas do alumnado. Isto require unha perfecta coordinación entre o equipo docente do nivel, coordinación que se manterá durante todo o curso, e que permitirá realizar actividades complementarias e curriculares de forma conxunta. No desenvolvemento das unidades didácticas teremos en conta as circunstancias específicas da nosa área:

- Carácter instrumental, con presenza nas demais áreas curriculares.
 - Progresividade nas aprendizaxes, e enriquecemento continuo do coñecemento e das competencias relacionadas.
- Deste xeito, a valoración dos logros adquiridos dependerá dos seguintes aspectos:

- Deseño curricular axeitado na dificultade e na significación.
- Grao de adquisición de competencias na área.
- Deseño claro de obxectivos, con definición clara de contidos.
- Deseño claro de criterios de avaliación que perfilen con claridade os mínimos esixidos.
- Metodoloxía preferentemente activa e con motivación para o alumnado.
- Recursos didácticos ben seleccionados e axeitados.
- Avaliación continua do proceso para adoptar as correccións que se precisen con rapidez.
- Deseño específico de actividades que permitan un equilibrio entre as expectativas de aprendizaxe e os límites individuais dos diferentes alumnos e alumnas, evitando frustracións e desconexión do proceso.

- Grao de conexión cos titores e titoras legais do alumnado, mantendo unha información fluída sobre o grupo, e titorías regulares de carácter individual.
- Igualmente, o nivel de satisfacción coa práctica docente por parte do alumnado, necesario para un desenvolvemento eficaz do proceso educativo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O deseño curricular da área no comezo de curso realizarase en función da normativa e dos resultados da avaliación inicial, que condicionará as actuacións dende o principio.

Coas avaliacións trimestrais realizarase tamén unha avaliación do proceso e do deseño nese período, dando lugar ás modificacións necesarias no referido aos contidos, á metodoloxía, ou ao deseño dos mínimos esixibles, de tal xeito que con cada unha das avaliacións parciais, poidamos adaptar con máis precisión a nosa actividade diaria en cada unha das unidades didácticas.

Deste xeito poderanse modificar no calendario o número de sesións de cada unha das unidades didácticas, así como a adaptación das mesmas, tanto na súa globalidade como para alumnado específico. No final de curso teranse en conta os indicadores de logro, tanto referidos á práctica docente como ao deseño curricular, para obter conclusións con relación ao novo curso escolar.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001124	CEIP Francisco Vales Villamarín	Betanzos	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	6º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de lingua estranxeira: inglés, nun centro público de Educación Infantil e Primaria, situado no Concello de Betanzos. Formado por case un milleiro de alumnos e alumnas dos Concellos de Betanzos, Paderne e Coirós fundamentalmente, distribuídos en 40 unidades (10 de E. Infantil e 30 de E. Primaria),

No nivel de sexto de Educación Primaria hai un total de 113 alumnos e alumnas distribuídos en cinco grupos. Só unha pequena porcentaxe presenta dificultades na aprendizaxe da Lingua Estranxeira, o resto adoita ter unha boa disposición para a aprendizaxe desta materia e, unicamente; a desmotivación, falta de atención e interés así como a carencia de constancia e esforzo, fan que non acaden os niveis mínimos esixibles.

A aprendizaxe da Lingua Estranxeira está ben valorada socialmente, contando que boa parte do alumnado participa en actividades extraescolares de reforzo e ampliación desta materia.

O nivel socio-económico e cultural das familias é o dun pobo urbano na que as actividades socioeconómicas están centradas no sector servizos.

A aprendizaxe está baseada nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando así a súa participación en actos de comunicación sinxelos. Isto inclúe a posta en práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística, entendida nesta etapa como a actividade orientada a facilitar a comprensión mutua e a procesar e transmitir información básica e sinxela

As Unidades Didácticas están formadas maioritariamente por vídeos, lecturas, vocabulario, cancións e un punto gramatical acompañado do correspondente léxico e estruturas sintácticas. As Unidades Didácticas non están pechadas, senon que aportan ideas para ser complementadas.

Os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos son xerais para todo o nivel educativo e queda especificada nesta programación a distribución ao longo do curso escolar e en que momento traballar un ou outro aspecto para a consecución final do obxectivo.

Dado o carácter cíclico da materia poderase marcar o mesmo criterio de avaliación en distintos trimestres. O fundamental é que no total do curso se avaliarán todos os criterios e abordaranse todos os contidos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	About food and friends at school	Repasamos números grandes, rutinas do colexio e cuantificadores coa comida	20	41	X		
2	Festivals and world records	Construcións superlativas e referencias temporais	30	31		X	
3	Life in the past and immediate plans	Vida e cultura doutras civilizacións e tempo de lecer	50	33			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	About food and friends at school	41

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre as distintas aulas e zonas do centro.	PE	40
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos útiles adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Producir textos breves con axuda, usando recursos físicos ou dixitais		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiáns.	TI	60
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre as distintas aulas e zonas do centro, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores.	Participar en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Saudar, despedirse e presentarse. Formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída		
CA2.3 - Rexistrar e utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Realización, de maneira guiada, de actividades de autoevaluación e coevaluación.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Léxico relativo aos alimentos e os seus ingredientes. - Léxico relativo ás distintas aulas e zonas dun colexio. - Léxico relativo ao tema transversal a escoller. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.

Contidos

- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Léxico e expresións básicos de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder eficazmente a unha necesidade concreta, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Festivals and world records	31

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiás de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre as distintos alimentos e os seus ingredientes.	PE	50
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	Redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiás e frecuentes, de relevancia persoal para o alumnado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos útiles adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Producir textos breves con axuda, usando recursos físicos ou dixitais		
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiás e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores.	participar en situacións interactivas de intercambios breves de información		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Saudar, despedirse e formular preguntas sinxelas;.	TI	50
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas		
